

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2023

Ás 10.00 horas do día 24 de febreiro de 2023, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora.: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial).

O deputado de Democracia Ourenzana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto sexto da orde do día e non regresou.

Antes de entrar a debater os asuntos incluídos na orde do día, o Sr. presidente manifesta que como xa se tratou cos portavoces dos grupos da Corporación e para cumprir cunha comunicación da FEMP, o Pleno suspenderase ás 12.00 horas para gardar un minuto de silencio na porta do Pazo Provincial en solidariedade coa poboación ucraína e os seus millóns de desprazados, así como para urxir o final do conflito bélico orixinado polo presidente ruso contra a nación de Ucraína e o restablecemento da paz e a legalidade democrática internacional.

Conforme isto o Pleno suspendeuse ás 11.48 horas, retomándose ás 12.05 horas.

O tratamento dos asuntos incluídos na orde do día desenvolveuse do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de xaneiro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 27 de xaneiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN E RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DA DEPUTACIÓN Á DATA 31.12.2022.

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): fai uso da palabra para apuntar que este asunto xa foi debidamente tratado na comisión informativa de transparencia e administración provincial, así como nunha reunión explicativa na que participaron representantes do servizo de investimentos da Deputación e da empresa redactora do documento que se somete a aprobación, aproveitando para agradecer as explicacións facilitadas na referida reunión. Engade que se trata dun instrumento necesario para a axeitada xestión do patrimonio provincial e que se trata dun documento vivo que debe actualizarse e modificarse alo menos anualmente para ser un fiel reflexo da realidade patrimonial desta institución e eliminar as posibles lagoas ou deficiencias detectadas, como por exemplo a elevada valoración das fincas de antela da DPO, ou o nulo valor que se lle deu as accións que ten a DPO no accionariado de MEISA. Tendo en conta o esforzo realizado polos servizos provinciais e agardando que no sucesivo se corrixan as deficiencias e se mellore este instrumento, indica que o voto do grupo do BNG vaia ser a abstención.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): sinala que os feitos sucederon tal e como relatou o voceiro do grupo do BNG, engadindo que o seu grupo, tal e como xa fixo na comisión informativa, vai votar a favor da aprobación deste asunto.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): intervén para indicar que na vindeira rectificación deste documento deben engadirse as accións que ten a Deputación no COB, e que existe o compromiso dos servizos provinciais de ir emendando as posibles deficiencias detectadas nas vindeiras rectificacións anuais que se sometan a aprobación neste pleno. Agradece igualmente a predisposición da empresa redactora e dos servizos provinciais para resolver as dúbidas manifestadas polos diferentes grupos. Por último lembra que é unha obriga legal para todas as entidades locais a de contar cun inventario de bens aprobado, polo que insta á Deputación Provincial a que colabore e asesore aos concellos da provincia, en particular aos concellos de menor capacidade, para que poidan contar con este importante instrumento,.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): toma a palabra para sinalar que este inventario que hoxe se somete a aprobación é o resultado dun arduo traballo dos servizos provinciais. Seguidamente procede a facer un breve repaso sobre o contido dos epígrafes que

compoñen este inventario e a súa valoración e que ascende a un importe mil oitocentos sesenta e nove millóns cento quince mil cincocentos setenta euros con dous céntimos (1.869.115.570,02 €). O documento presentado cumpre coas esixencias derivadas da Lei de patrimonio das administracións públicas e do Regulamento de bens das entidades locais, e agarda que se proceda a rectificar anualmente este importante instrumento de xestión patrimonial, lembrando que a derradeira aprobación do inventario provincial databa dun acordo plenario adoptado en sesión realizada na data 21.12.1992.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez), do Grupo Socialista (9), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a actualización e rectificación anual do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Ourense, coas baixas e altas que figuran no expediente 2023/418Q, constituíndose devandito Inventario, resumido por epígrafes, ao 31 de decembro de 2022, da maneira seguinte:

EPÍGRAFE	Nº. DE BENS	VALOR TOTAL
1º Inmobles (urbana + rústica + viarios)	85	85.290.693,51 €
	56	146.546.498,24 €
	268	1.583.587.034,50 €
2º Dereitos reais	-	0 €
3º Mobles histórico-artísticos de considerable valor económico	1738	5.329.303,19 €
4º Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal	8	22.559.493,23 €
5º Vehículos	331	7.071.397,35 €
6º Semoventes	5	65.020,00 €
7º Outros bens mobles	40226	18.666.130,00 €
8º Bens e dereitos revertibles	58	<i>sen valoración</i>
TOTAL INVENTARIO	42779	1.869.115.570,02 €

O importe total do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a 31 de decembro de 2022 ascende a mil oitocentos sesenta e nove millóns cento quince mil cincocentos setenta euros con dous céntimos (1.869.115.570,02 €).

SEGUNDO: Que se remita a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, a data 31 de decembro de 2022, á Administración do Estado e á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, en cumprimento do preceptuado no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO: Publicar a información debidamente actualizada no portal de transparencia provincial aos efectos de dar cumprimento á normativa aplicable.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DUN NOVO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, UTILIZACIÓN E NORMAS PARA USUARIOS DO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ.

O Sr. presidente anuncia que segundo se tratou na Xunta de Portavoces, este punto debaterase conxuntamente co punto seguinte.

O Sr. secretario dá conta dos ditames das diferentes comisións informativas onde se trataron os asuntos (o 3º na comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial e o punto 4º na comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía).

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): toma a palabra para sinalar que baixo a presidencia de José Manuel Baltar se privatizou a xestión dos centros hípicas de Vilamarín e Sandiás, así como o MUGAE. Tamén se propuxo, no seu programa de mandato, que a xestión de inmobles como o Teatro Principal e o Pazo dos Deportes Paco Paz pasaría ao Concello de Ourense a través dunha nova fórmula de xestión. Polo indicado afirma que lle gustaría saber a relación de gastos e ingresos detallada desta instalación, do Paco Paz, polo que fai a reflexión de que se estamos ante unha instalación deficitaria, que representa cuantiosas perdas para esta Deputación, ben se poderían dedicar eses cartos a cofinanciar servizos supramunicipais como os conservatorios de música das vilas cabeceiras de comarca e outras similares, e deixar de cooperar coa capitalidade coa xestión da infraestruturas como o Paco Paz ou o Teatro Principal.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): intervén para indicar que o que traemos a este pleno é unha proposta do servizo de deportes que fixo propia o goberno provincial e que ten como finalidade aprobar un novo regulamento de organización, utilización e normas para usuarios do Pazo dos Deportes Paco Paz e da ordenanza de prezos públicos pola súa utilización. Respecto ás suxestións formuladas pola portavoz socialista sinala que en todo caso non parece o intre idóneo para grandes cambios como os que propón, debido a que estamos a escasos meses da finalización do mandato.
- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): manifesta que respecto da parte organizativa que se propón no acordo bota de menos a posibilidade de priorizar certos treitos de idade no uso das instalacións e en treitos horarios máis axeitados, polo que deixa esta suxestión por se quere ser tida en conta. Respecto á posible transmisión do Pazo dos Deportes ao concello indica que semella o máis lóxico, e a capitalidade, que ten máis recursos, debora facerse cargo desta instalación e da súa xestión e uso. Engade que a próxima corporación provincial deberá expoñer e abordar xunto co concello de Ourense o futuro desta instalación.
- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda sinala que estamos falando dunha instalación claramente deficitaria e que presta servizo á capitalidade, polo que a Deputación está a dedicar recursos para o Concello de Ourense que ben podería destinar a custear os cuantiosos gastos doutras instalacións deportivas ou culturais de titularidade municipal en concellos de menos de 20.000 habitantes, xa que esta é a finalidade principal das deputacións provinciais.
- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): sinala que efectivamente a idea do goberno provincial era a de acordar co concello unha nova formula de xestión e incluso a transferencia da instalación pero neste mandato non se deron as circunstancias axeitadas para isto, e agora non é o momento, polo que deben ser as novas corporacións, municipal e provincial, as que aborden esta cuestión.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 3º e 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Regulamento de organización, utilización e normas para usuarios do Pazo dos Deportes Paco Paz, co seguinte contido:

Artigo 1. Funcións do Servizo de Deportes

1. Correspóndelle ao Servizo de Deportes:

- a) Ofertar actividades físico-deportivas nos distintos espazos deportivos do Pazo dos Deportes cunha finalidade recreativa e saudable, co propósito de que todos os participantes adquiran hábitos deportivos saudables e contribuíndo á ocupación activa do tempo de lecer.
- b) Posibilitar o uso racional e adecuado das instalacións para adestramentos semanais e competicións durante a fin de semana a entidades deportivas das previstas no artigo 41 da Lei do deporte de Galicia e sociedades anónimas deportivas, con sede social na provincia de Ourense.
- c) Facilitar a realización de eventos culturais, recreativos e deportivos promovidos pola propia Deputación Provincial ou por entidades varias, co obxectivo de conseguir a participación da cidadanía, ben pola súa implicación como espectador, ben como deportista.

2. Todas as persoas teñen dereito á practica da actividade física e deportiva. Calquera persoa física que pretenda facer uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz de xeito individual, poderá facelo sempre e cando se integre nos programas deportivos ofertados pola instalación.

3. En todos os casos se respectará o dereito preferente da Deputación Provincial de Ourense no uso de todas as instalacións da súa propiedade para a realización de actividades físico-deportivas programadas polo Servizo de Deportes, así como para levar a cabo aqueles eventos previstos no parágrafo primeiro, letra c).

Artigo 2. Datos e horarios de apertura ao público das instalacións

1. Con carácter xeral, o Pazo dos Deportes Paco Paz permanecerá aberto ao público, todos os meses do ano, de luns a venres, de 6:45 a 23:00 horas e os sábados de 09:00 a 13:00 horas, exceptuando o mes de agosto, que cerrará por labores de mantemento xeral da instalación, sen prexuízo dos horarios especiais que se establezan para o desenvolvemento de competicións ou campionatos oficiais ou durante a realización dos eventos previstos no artigo 1, parágrafo primeiro, letra c).

2. Todos os servizos e actividades ofertados polo Servizo de Deportes e os seus horarios estarán expostos na recepción nun lugar visible, no portal web e na APP do Pazo dos Deportes Paco Paz. Así mesmo, nestes soportes habituais de información, figurarán, con carácter preceptivo, as seguintes informacións:

- Referencia ao texto vixente regulador de prezos públicos polo uso da instalación deportiva.
- Referencia ás normas de uso da instalación deportiva.
- Horario de apertura e peche da instalación deportiva.
- Servizos e actividades desenvoltas na instalación e o seu horario de impartición.

3. Durante os períodos de vacacións, tales como Semana Santa, Nadal ou no verán, poderán existir horarios especiais ou reducidos en calquera programa de actividades do Servizo de Deportes. Estas modificacións serán indicadas nos soportes informativos habituais da instalación, coa suficiente antelación.

Artigo 3. Normas xerais de aplicación para as persoas usuarias

1. Todo usuario que aboase a cota correspondente ten dereito a utilizar o servizo ou instalación nas condicións fixadas na actual normativa. No prezo inclúese a utilización dos equipamentos necesarios para o desenvolvemento da actividade, así como a utilización de vestiarios, aseos e duchas.

2. Poderán existir servizos adicionais, para os que será necesario abonar un pago suplementario e reserva previa. Tales servizos e o suplemento a abonar estará fixado segundo o establecido no artigo 8 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz (BOP de Ourense nº 171, de 27 de xullo de 2018)

3. Para a correcta utilización das instalacións será imprescindible o uso de indumentaria e calzado deportivo adecuado. Non estará permitido fumar, nin a entrada de animais en ningunha das dependencias das instalacións, exceptuando animais guía.

4. Está terminantemente prohibido o consumo de drogas ou substancias dopantes en toda a instalación, así como permanecer nela en estado de embriaguez ou baixo os efectos de calquera substancia estupefaciente.

5. De conformidade coa lexislación vixente sobre protección do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e á protección, queda terminantemente prohibida a realización de fotografías e/ou vídeos das instalacións e das persoas que nelas se atopen, sen expresa autorización por escrito da instalación.

6. Para evitar perturbar o bo funcionamento do servizo, deberase:

- . Seguir as indicacións do persoal da instalación e monitores.
- . Facer uso de cada instalación para o que especificamente está destinada e non permanecer nas instalacións despois do peche sen estar autorizado.
- . Non ter actitudes antihixiénicas nin indecorosas. Non ensuciar os espazos deportivos nin os seus elementos auxiliares e sempre utilizar as papeleiras.
- . Non ter comportamentos que impliquen perigo para a integridade física dos demais usuarios.
- . Facer un uso correcto do material e equipamento, así como das instalacións.
- . Non expoñer carteis publicitarios ou anuncios sen a autorización da dirección do centro e, se procedese, só se poderán expoñer no taboleiro de anuncios habilitado para tal fin.

7. A Deputación Provincial non se responsabiliza dos obxectos perdidos, abandonados ou subtraídos na instalación. Aconséllase non acudir á instalación con obxectos de valor e sempre utilizar o servizo de armarios persoais.

8. Non se poderán introducir nas instalacións do Pazo dos Deportes bicicletas, patíns, patinetes ou similares, debendo quedar aparcados nos exteriores da instalación.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

1. Toda persoa usuaria ten dereito a:

- a) Gozar do uso das instalacións en óptimas condicións.
- b) Ser informada dos requisitos e condicións para acceder á instalación de todas as posibles vantaxes, bonificacións e tarifas reducidas ás que puidese ter dereito.
- c) Ser informado en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia: galego ou castelán.
- d) Utilizar as instalacións ás que lle dan dereito as características e tipo de servizo solicitado,

dentro dos horarios establecidos e tras o pago previo das correspondentes cotas.

e) Presentar calquera queixa ou suxestión e recibir contestación por parte do Servizo de Deportes. As reclamacións oficiais deberán tramitarse de conformidade coa lexislación vixente.

f) Recibir asesoramento e asistencia deportiva por parte dos monitores de cada actividade, cando se trate de actividades dirixidas.

g) Recibir un trato respectuoso coa súa personalidade, dignidade e intimidade.

h) De maneira especial protexeranse os dereitos que asisten ao usuario con respecto á lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.

2. Toda persoa usuaria estará obrigada a:

a) Respetar as normas xerais que se recollen neste regulamento e as específicas que se desenvolven máis adiante en función do espazo ou servizo para utilizar.

b) Gardar o debido respecto aos demais usuarios e ao persoal da instalación deportiva.

c) Aboar, para a actividade contratada, a cota correspondente previamente ao goce da actividade.

d) Coidar e manter en bo estado o equipamento e material á súa disposición para a práctica deportiva.

Artigo 5. Normas específicas de aplicación aos diferentes espazos

5.1 Sala de cardio e musculación de uso colectivo:

a) O número máximo de usuarios/hora nas salas estará determinado pola capacidade de cada unha delas, sendo o persoal técnico o responsable de velar polo seu cumprimento en función das circunstancias.

b) Para acceder á sala haberá que esperar a que o número de usuarios sexa inferior ao exposto no apartado anterior, salvo cando a organización dos exercicios que se estean levando a cabo permita un número de usuarios maior, debéndose preservar en todo momento polo monitor da sala e/ou operario de control, a habitabilidade e confort dos usuarios.

c) Os usuarios poderán utilizar libremente a sala de cardio e musculación, durante todo o horario que permaneza aberta ao público, e asistir a cantas clases colectivas desexen, de entre todas as que se ofrecen de uso libre nas instalacións.

d) A idade para acceder a esta zona é de 16 anos. Para poder facelo con 15 anos deberán contar con autorización paterna ou materna ou dos seus titores. Este requirimento está detallado, no artigo 6º, apartado 5 do presente texto regulamentario

- e) Para acceder ás clases dirixidas poderase establecer un sistema de reserva previa.
- f) Non se poderá acceder ás salas con bolsas, mochilas ou similares.
- g) É obrigatorio o uso de toalla durante o adestramento, ademais de proceder a deixar en perfecto estado de uso os bancose máquinas ao acabar o exercicio, estando expresamente prohibido botar as pesas ou discos ao chan. Calquera deterioración por un uso inadecuado destes deberá ser aboado pola persoa que os causara.
- h) Non está permitido o acceso e utilización das salas e do seu material, sen a presenza dun monitor. Non se permitirá a entrada ás salas 10 minutos despois de comezar as clases.
- i) O número mínimo de usuarios para impartirse unha clase colectiva decidírase polo Servizo de Deportes en función da demanda, do tipo de actividade que se trate, así como dos intereses do centro. Esta decisión será comunicada, coa suficiente antelación, a través dos soportes habituais de información.
- j) Poderá fixarse un tempo máximo de utilización das máquinas de cardio e pesas, para evitar monopolizar o uso destas.
- k) Será obrigatorio recoller e ordenar o material utilizado ao finalizar o exercicio. Non se poderá sacar material da sala sen autorización.
- l) Está prohibida a gravación ou toma de fotos tanto nas salas de cardio e musculación como nas clases dirixidas. Por tal motivo, o uso de teléfono móbil restrínxese para uso exclusivo de audio.
- m) Para acceder ás salas será imprescindible o uso de indumentaria e calzado deportivo adecuado. Non está permitido quitarse a camiseta.
- n) Non estará permitido o acceso con chancletas. Poderanse establecer normas específicas para o acceso a programas especiais como “adestramentos persoais”, e non se poderá reservar previamente bicicleta nas sesións, especialmente nas de ciclismo Indoor.
- o) O Pazo dos deportes Paco Paz resérvase o dereito para eliminar, incrementar ou modificar clases, horarios, monitorea servizos en función das necesidades e intereses do centro, logo da comunicación previa, coa debida antelación, nos soportes habituais de información.

5.2 Ludoteca:

A ludoteca do Pazo dos Deportes Paco Paz é un servizo gratuíto, mentres seus pais, nais ou titores realizan actividade física dentro da instalación, co obxecto de potenciar o inicio dunha

actividade lúdica favorecedora do desenvolvemento mental, sicomotor, afectivo ou sensorial do neno ou nena. O desenvolvemento deste servizo rexerá polas seguintes normas:

- a) Só se permitirá facer uso do servizo de ludoteca durante o tempo que o usuario/a responsable do neno/a permaneza nas instalacións do Pazo realizando algunha actividade.
- b) Só poderán acceder á ludoteca os nenos e nenas con idades comprendidas entre os 2 e 12 anos. En todo caso, o cativo terá que “valerse por si mesmo” (camiñar só, ser capaz de tomar a súa merenda e realizar as súas necesidades...)
- c) O/a responsable da ludoteca non ten a obriga, nin forma parte dos seus cometidos, dar merendas ou medicacións, cambiar cueiros ou traballos similares.
- d) Aos responsables da ludoteca correspóndelles cuantificar o número de nenos e nenas que poden permanecer na ludoteca, e que virá determinado polas idades e características dos nenos e nenas presentes no momento.
- e) Se o neno ou nena ten algún problema de saúde física ou mental, deberá selle comunicar á persoa responsable.
- f) O/a responsable do/a menor deberá cumprimentar a ficha correspondente na que fará constar, entre outros datos, a actividade que vai a realizar dentro da instalación, por si fose requirido polo monitor/a e deberá acudir inmediatamente.
- g) O menor non poderá abandonar só, en ningún momento, a ludoteca, agás que exista unha autorización dos seus responsables.
- h) Por razón de seguridade en caso ningún se entregará o/a neno/a a persoa diferente á que incorporou á ludoteca

5.3 Zona de augas - Spa:

O SPA é unha zona de descanso e relax para todos os usuarios, onde se debe respectar especialmente os demais usuarios e persoal da instalación.

O acceso ao SPA será nas condicións que se determinen, en cada momento, polo Servizo de Deportes, ao abeiro do establecido no artigo 8 da vixente Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz (BOP de Ourense núm. 171, de 27 de xullo de 2018).

- a) A cita para o servizo solicitarase, ben presencialmente na recepción da instalación ou nos soportes habituais de información do centro.

- b) A idade para acceder a esta zona é de 16 anos. Para poderfacelo con 15 anos deberán contar con autorización paterna ou materna ou dos seus titores nas condicións establecidas no artigo 6, apartado 5 do presente regulamento.
- c) Está prohibida a manipulación dos botóns de control das cabinas, e a utilización de calquera aparello electrónico.
- d) É obrigatorio ducharse antes de usar as instalacións do spa. Tamén é obrigatorio o uso de toalla, traxe de baño, gorro e calzado de baño.
- e) Está prohibido afeitarse, depilarse, tinguirse ou calquera outra acción similar de hixiene persoal, así como acudir con maquillaxes, cremas ou apósitos de calquera tipo.
- f) Está prohibido comer e beber nas zonas de baño.
- g) Prohíbese o acceso a persoas con xeso, vendaxe, esparadrapo ou apósitos.
- h) No está permitido correr ni lanzarse á piscina.
- i) Terase que acceder ás piscinas polas zonas habilitadas para elo e respectando aos usuarios.
- j) É obrigatorio manter silencio, respectando aos demais usuarios.
- k) Non se permitirá o acceso á zona de SPA con:
- Cámaras fotográficas e teléfonos móbiles.
 - Flotadores, inchables ou obxectos que poidan ser perigosos (punzantes, de cristal, de metal ou calquera outro que poida caerse ou romper e danar a un terceiro).
 - Alimentos ou bebidas.
- l) O tempo límite de permanencia continua no spa é de 60 minutos.

5.4 Vestiarios:

- a) Non está permitida a utilización de calquera sistema de afeitado ou depilación.
- b) Non está permitido comer no interior dos vestiarios.
- c) Os armarios persoais só se poderán utilizar durante o tempo que o usuario permaneza na instalación. O sistema de peche dos armarios será a través de combinación ou moeda de 1 € de uso persoal por cada usuario. A instalación non se fai responsable da perda ou subtracción de obxectos depositados tanto nos armarios como no interior dos vestiarios.
- d) Os/as usuarios/as deberán deixa os armarios abertos despois da súa utilización, de non ser así, o persoal da instalación verase obrigado a abrilos.
- e) Non está permitido o uso de teléfono móbil dentro dos vestiarios.
- f) As entidades que teñan autorizado o uso das pistas deportivas ou usuarios da instalación, unha vez finalizada a súa actividade, abandonarán o vestiario deixándoo en condicións de poder ser

utilizado por outra entidade ou usuario.

5.5 Fisioterapia

O acceso ao servizo de fisioterapia será nas condicións que determine, en cada momento, o Servizo de Deportes, segundo o establecido no artigo 8 da vixente Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz (BOP de Ourense núm. 171, de 27 de xullo de 2018). A cita para o servizo solicitarase, ben presencialmente na recepción ou nos soportes habituais de información.

5.6 Escolas deportivas

- a) As escolas deportivas gozan dunha programación específica que se establece ao comezo de cada temporada deportiva e cada unha delas ten as súas propias peculiaridades e normas que figuran nos folletos informativos que se poñen ao dispor dos usuarios: modalidade deportiva, idade dos participantes, cotas trimestrais, días de prestación e horarios, profesorado, entidade prestadora do servizo, etcétera. Para os usuarios deste servizo rexen os mesmos dereitos e obrigacións que para o resto de actividades da instalación.
- b) O Servizo de Deportes terá prioridade na reserva da franxa horaria, que estime pertinente, no reparto de uso dos espazos da instalación para levar a cabo a programación de actividades das distintas escolas deportivas que poña en marcha cada tempada deportiva.
- c) Programa. O programa das escolas deportivas da Deputación de Ourense e o medio a través do cal se fomentan hábitos de vida saudable mediante o deporte, con actividades dirixidas para nenos e nenas da provincia.
- d) A quen vai dirixido. Nenos e nenas da provincia de Ourense con idades comprendidas entre 4 e 16 anos.
- e) Obxectivos do programa
 - Fomentar hábitos de vida saudable a través do deporte.
 - Promover a práctica deportiva entre os cativos.
 - Educar a nos valores de cooperación e solidariedade no desenvolvemento da práctica deportiva.
 - Permitir a poboación infantil e adolescente una adecuada utilización do Tempo Libre a través da utilización do programa das escolas deportivas.
 - Estimular o traballo en equipo.
 - Reforzar a adquisición, a través do deportivo, de actitudes positivas e valores, tanto

individuais como colectivas.

f) Temporalización

- Inicio do curso: primeiro día hábil do mes de outubro.
- Finalización do curso: último día hábil do mes de maio.
- Non haberá actividade todos aqueles días que figuren como non lectivos no calendario escolar así como aquelas datas nas que a Deputación Provincial de Ourense teña que dispoñer da instalación para a organización dos eventos previstos no artigo 1, parágrafo primeiro, letra c).

g) Inscripción.

As inscricións realizaranse dende o primeiro día hábil do mes de setembro.

Poderán ser presenciais na propia instalación do Paco Paz ou mediante os soportes habituais de información.

h) Actividade das escolas deportivas

A inscrición nas Escolas Deportivas permite a realización de 2 horas de actividade a semana, distribuídas en 2 días, da escola elixida.

i) Modificacións

O Servizo de Deportes da Deputación de Ourense resérvase o dereito a reducir, incrementar, modificar grupos e variar horarios das actividades ou realizar calquera outra modificación, para unha óptima utilización dos espazos deportivos da instalación.

5.7 Pistas polideportivas

1. O uso das pistas polideportivas ten unha regulación específica mediante convocatoria pública. A Xunta de Goberno realizará unha convocatoria anualmente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense para uso das pistas polideportivas que se resolverá antes do comezo de cada temporada deportiva.
2. O acordo de convocatoria incluírá unhas bases reguladoras, nas que se definirán os prazos de presentación de solicitudes, a documentación que debe presentarse e os lugares e condicións para a súa presentación, concretándose ademais os criterios de valoración e indicadores que se van utilizar para a ponderación das solicitudes presentadas.
3. A convocatoria poderá establecerse conxuntamente coa prevista no artigo 5 da vixente Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz (BOP de Ourense núm. 171, de 27 de xullo de 2018)

para solicitudes de bonificación polo uso das instalacións deportivas provinciais.

4. Existen os seguintes tipos de uso:

a) Uso para toda a tempada deportiva por parte das entidades deportivas con sede social na provincia de Ourense definidas polo artigo 41 da Lei do deporte de Galicia, é dicir, clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas, e as federacións deportivas. Tamén poderán solicitar este uso as Sociedades Anónimas Deportivas con sede social na provincia de Ourense.

b) Uso puntual por parte de entidades deportivas, federacións deportivas, centros escolares ou sociedades anónimas deportivas que se concerta directamente coas oficinas administrativas do Servizo de Deportes. Neste tipo de uso, o espazo e horario de uso é o estritamente autorizado polo Servizo de Deportes, o cal determinará a hora de acceso e saída do mesmo.

c) Uso durante a fin de semana por parte de entidades deportivas, federacións deportivas ou sociedades anónimas deportivas para o deporte de competición federado, que se concerta directamente coas oficinas administrativas do Servizo de Deportes. Neste tipo de uso, o espazo e horario de uso é o estritamente autorizado polo Servizo de Deportes, o cal determinará a hora de acceso e saída do mesmo.

5. Non se poderá acceder ás pistas con calzado de rúa ou calzado deportivo procedente do exterior. Para acceder ás pistas será imprescindible o uso de indumentaria e calzado deportivo adecuado.

5.8 Outros espazos útiles

1. Aínda que non se consideran espazos deportivos convencionais, existe a posibilidade de uso doutras áreas anexas como “espazo tras redes”, corredores, salas de uso polivalente, operativos para a prestación de servizos deportivos específicos. A estes espazos resultará de aplicación, por analogía, o previsto no apartado 5.7 deste regulamento. A utilización destes espazos deberá contar, en todo caso, coa autorización do Servizo de Deportes.
2. Todos aqueles clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas, centros escolares, federacións deportivas ou sociedades anónimas deportivas que teñan asignada calquera tipo de uso dos espazos desta instalación deberán contar cunha póliza de responsabilidade civil vixente que será posta a disposición do Servizo de Deportes desta Deputación, a requirimento do mesmo, en calquera momento durante o uso asignado.

Artigo 6. Condición de persoa usuaria. Alta e tramitación

1. A condición de persoa usuaria do Pazo dos Deportes, obtense coa inicial inscrición e o pago da primeira cota. A inscrición implica a aceptación da normativa de aplicación en particular deste regulamento.

2. As entradas xerais serán válidas para un único día, e permitirán ao usuario a libre utilización das instalacións dentro do horario establecido. As entradas específicas permitirán o uso de determinadas partes da instalación durante un determinado período de tempo.

3. Os participantes en cursos non abonados terán restrinxido o acceso ao resto de actividades do Pazo, salvo que sexan abonados ou estean en posesión dunha entrada de carácter puntual.

4. As persoas menores de 15 anos, non poderán acceder ás actividades colectivas nin a sala de fitness, salvo as escolas deportivas de iniciación, debendo orientar a súa actividade física ás habilidades, capacidades e destrezas motrices básicas e específicas

5. Excepcionalmente, os usuarios de 15 anos poderán acceder as clases colectivas e a sala de fitness sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- A solicitude de inscrición e a autorización deberán constar asinadas polo pai, nai ou titor legal, e informe favorable do técnico da sala de fitness. Coa sinatura deste documento, a persoa asinante como pai, nai ou titor legal faise responsable de todos os actos do menor nas instalacións do Pazo dos Deportes e manifesta que este reúne as condicións físicas necesarias para a práctica do fitness, exonerando plena e expresamente ao Servizo de Deportes de calquera eventualidade, contratempo, dificultade, problema, lesión ou accidente que por tal circunstancia se poida producir.
- Tamén dun xeito excepcional poderán acceder as actividades do programa de fitness aqueles menores de 15 con autorización e recomendación médica.

6. O usuario poderá elixir o abono dos distintos prezos públicos fixados na ordenanza reguladora para goce das distintas actividades e servizos ofrecidos polo Servizo de Deportes, a través de calquera dos seguintes sistemas de pago:

- Presencialmente na máquina automática de cobro.
- Telematicamente, a través da web ou da app do Pazo dos Deportes Paco Paz.
- Domiciliación bancaria, que poderá solicitarse na recepción do Pazo do

Deportes Paco Paz.

7. As baixas como abonados deberán notificarse por escrito entregado na recepción do Pazo dos Deportes ou ben por correo electrónico antes do último día do mes ou período no que se desexe poñer fin á actividade.

8. O Pazo dos Deportes poderá prohibir o acceso ás instalacións aos abonados que non estean ao corrente do pago correspondente.

9. De alcanzarse o número máximo autorizado de deportistas (cota de usuarios, capacidade das instalacións, razóns de seguridade, etcétera), o Pazo resérvase o dereito de poñer ao abonado-aspirante nunha lista de espera en estrita orde de preinscrición, coa obrigaón de comunicar inmediatamente a existencia dunha praza libre.

Artigo 7. Réxime disciplinario

1. En todo o non previsto neste artigo aplicarase de xeito supletorio a normativa contida na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, na lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia e a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

2. Consideraranse infraccións os incumprimentos das normas e obrigaóns establecidas nesta normativa así como nas demais ordenanzas reguladoras e regulamentación interna do Pazo dos Deportes Paco Paz.

As infraccións poderán ser leves, graves e moi graves. A comisión , no prazo de seis meses de máis de dúas infraccións leves, considerarase infracción grave, castigándose coas sancións previstas para as devanditas infraccións no seu grao mínimo. A comisión no prazo dun ano de máis de dúas infraccións graves considerarase infracción moi grave, castigándose coas sancións previstas para as devanditas infraccións no seu grao mínimo.

3. Serán **leves** as infraccións que supoñan:

a) O impedimento ou obstrución á petición de identificación como usuario/a, ou non achegar reiteradamente a documentación que acredita a posibilidade de acceso á instalación.

b) O uso sen reserva, a extralimitación do horario asignado.

c) Non aboar como usuario o prezo público pola utilización das instalacións na modalidade que corresponda dentro dos prazos e de acordo coas normas que se establezan na correspondente tarifa.

d) Facer uso das instalacións incumprindo as elementais normas de hixiene recollidas na presente regulamentación.

e) Colocar publicidade propia das entidades usuarias con carácter fixo ou móbil en espazos non autorizados para iso.

f) Os actos de deterioración leve ou relevante de equipamentos, infraestruturas,

instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles. Considéranse leves cando o custo dasúa reparación é inferior a 500 euros.

g) Calquera outro incumprimento de normas ou obrigas previstas neste regulamento que non estean recollidas como graves ou moi graves.

4. Serán **graves** as infraccións que supoñan:

a) O uso indebido, vulnerando a lexislación vixente e o establecido nesta normativa, do teléfono móbil ou aparellos de vídeo gravación.

b) Unha perturbación importante na utilización das instalacións incumprindo as normas establecidas nesta normativa e nas correspondentes regras de réxime interior, con falta de respecto cara aos demais usuarios e persoal traballador da instalación.

c) A falta grave de uso das instalacións incumprindo as elementais normas de saúde e de seguridade.

d) A cesión ou alugamento a terceiros das instalacións deportivas reservadas.

e) As faltas de respecto, ameazas, insultos ou calquera outro tipo de agresión verbal, a outros usuarios ou persoal traballador da instalación, de xeito non reiterado.

f) Os actos de deterioración grave ou relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles. Considéranse graves cando o custo da súa reparación oscile entre 500 € e 1.500 €.

5. Serán **moi graves** as infraccións que supoñan:

a) O acometemento ou agresión física aos usuarios ou empregados da instalación

b) As actitudes, condutas e exhibición de simboloxía que sexan discriminatorias en razón da condición sexual, racista, xenófoba e ideolóxica, ou que fomenten a violencia no deporte.

c) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo público.

d) As reiteradas faltas de respecto, ameazas, insultos ou calquera outro tipo de agresión verbal, trato degradante e vexatorio a outros usuarios ou persoal traballador da instalación.

e) Os actos de deterioración grave ou relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles. Considéranse moi graves cando o custo da súa reparación é superior a 1.500 euros.

6. Sancións

a) Ás infraccións **leves** aplicaráselles unha sanción de privación dos dereitos de usuario e da utilización de instalacións de ata un mes.

- b) Ás faltas **graves** aplicaráselles unha sanción de privación dos dereitos de usuario e da utilización das instalacións dun a tres meses.
- c) Ás faltas **moi graves** aplicaráselles sanción de privación dos dereitos de usuario e da utilización das instalacións de tres meses a un ano. A reiteración de faltas moi graves pode levar consigo a expulsión definitiva da instalación.
7. Naqueles casos en que foxe necesario, ademais da sanción que lle corresponda, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior e abono do seu custo.
8. A potestade sancionadora exercerase mediante a resolución dun procedemento contradictorio instruído polo Servizo de Deportes e con audiencia ás persoas interesadas correspondéndolle a resolución á Presidencia ou órgano en quen delegue.
9. As entidades previstas neste Regulamento que teñan autorizado o uso dos distintos espazos deportivos da instalación, que incorran en calquera das condutas previstas no presente réxime disciplinario, serán sancionadas, tras a instrución do procedemento correspondente, coa revogación da autorización de uso durante os períodos indicados no parágrafo sexto deste artigo. Ademais estarán obrigadas á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior e abono do seu custo, no caso de que foxe necesario.

Artigo 8. Réxime de protección dos datos persoais

1. Os datos persoais facilitados polas persoas usuarias incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense, e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e coa Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e de garantía dos dereitos dixitais.
2. A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigaón legal e/ou o cumprimento dunha misión realizada en interese público.
3. O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.
4. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, se é o caso, tras o consentimento previo da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.
5. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados por esta Administración poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a

elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd@depourense.es.

6. Así mesmo, os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto no presente texto regulamentario e, en particular:

- a) O Regulamento sobre o uso e normas para usuarios do Pazo dos Deportes “Paco Paz” de 28 de febreiro de 1991 e
- b) O Regulamento de utilización e funcionamento do Pazo dos Deportes Paco Paz, do 25 de setembro de 2020.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, no seu caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobado definitivamente o Regulamento de utilización e funcionamento do Pazo dos Deportes Paco Paz, procederase á publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ.

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co punto terceiro.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz, nos seguintes termos:

1º.- A ordenanza pasará a denominarse *Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz e noutras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación Provincial de Ourense*, co motivo de non ter que modificar a devandita Ordenanza no suposto de que por parte da Deputación Provincial de Ourense foxen adquiridas ou se asumisen compromisos de xestión de novas instalacións deportivas.

2º.- Nos artigos 1 e 2 engádase o seguinte inciso final “*e noutras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación de Ourense*” polo mesmo motivo que o indicado no apartado anterior.

3º.- Coa finalidade de aportar claridade no relativo á devolución do prezo público cando o servizo ou actividade non se preste o desenvolva por causas non imputables ao usuario, posibilidade prevista no artigo 46, parágrafo segundo da Lei reguladora das facendas locais, modifícase o artigo 4, dada a complexidade deste, do seguinte xeito:

- Aumentase ata “*máis de tres días*” a non realización da actividade ou servizo que daría lugar a devolución.
- Elimínase a entrega persoal do prezo público ao usuario.
- Inclúe como será o eventual procedemento de devolución.

4º.- No artigo 5 suprímese “*O carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, virá ponderado polas seguintes circunstancias que servirán de criterios de valoración para a concesión da porcentaxe das bonificacións correspondentes:*

- 1) *Condicionantes económicos da entidade provenientes da análise do seu orzamento ou liquidación de gastos e ingresos, dando maior puntuación canto máis racional sexa e canto máis contribución exista de fondos propios e axudas privadas.*
- 2) *Cando se trate de solicitude para uso de instalación ao longo da temporada deportiva, valoraranse os anos de antigüidade utilizando o Pazo dos Deportes, dando máis puntos canto máis antiga sexa a súa presenza na instalación. Cando se trate de actividades puntuais, valorarase a idoneidade e especial consideración, a tal fin, do Pazo dos Deportes, dando máis puntos canto máis adecuada sexa a instalación para a actividade de que se trate.*

- 3) *Categoría deportiva dos deportistas para os cales solicita a bonificación e categoría da competición. Puntuarase máis alta a presenza de máis equipos e deportistas de base, de mulleres e a presenza de colectivos desfavorecidos. Tamén se outorgará unha puntuación máis alta canto máis importante sexa a categoría da competición.*
- 4) *Outras especiais circunstancias, razoadas de maneira motivada, que redunden en beneficio do Pazo dos Deportes e dos seus usuarios, ou que supoñan un claro interese público ou social da actividade”, ao tratarse dos criterios de valoración das bonificacións reguladas neste artigo.*

Dende o Servizo de Deportes considerase que o lugar apropiado destes criterios son as bases reguladoras da convocatoria das solicitudes de bonificación que se publicarán ao longo da temporada deportiva.

Así mesmo, o parágrafo segundo deste artigo 5 substitúese a previsión de “anualmente, ao comezo da temporada deportiva...” por “*anualmente, ao longo da temporada deportiva*”, posto que a temporada deportiva non é coincidente para todas as modalidades deportivas.

No artigo 5, parágrafo cuarto, modifícase o sistema de publicación da convocatoria das solicitudes de bonificacións, incluíndo a publicación na web do Pazo dos Deportes Paco Paz e eliminando a posibilidade de remisión de avisos por vía de correo electrónico.

5º.- Introdúcese un segundo parágrafo no artigo 6 do seguinte tenor literal: “*Así mesmo poderase establecer un depósito ou garantía para aquelas entidades con reserva de instalación por temporada deportiva, de 100 euros, que lles será devolta ó finaliza la temporada*”, eliminando a imperatividade do establecemento dunha fianza de 100 euros, analizando esta cuestión, en cada caso, por parte do Servizo de Deportes, tendo en conta que as citadas entidades dispoñen, na maioría dos casos, dunha póliza de responsabilidade civil que permite a estas asumir os posibles danos ou estragos que causen nas instalacións.

6º.- Coa finalidade de recoller na devandita ordenanza as actualizacións dos sistemas de cobranza das tarifas aos usuarios desta instalación deportiva, modifícase o artigo 7.

7º.- Suprímese o artigo 8 da Ordenanza, que establecía que “*As cantidades cobradas no Pazo dos Deportes ingresaranse na Tesourería provincial, con relación de beneficiarios das instalacións ou actividades, e de acordo coas instrucións da Tesourería para o efecto*”, o estarse a rematar coa posibilidade da cobranza en efectivo aos usuarios da instalación.

8º.- A eliminación do artigo 8 da Ordenanza, supón a reenumeración dos artigos 9 e 10 da

ordenanza, do seguinte xeito:

- O artigo 9, convertese no artigo 8.
- O artigo 10, convertese no artigo 9.

9º.- Á finalidade de refundir o contido dos artigos 10 e 11 da Ordenanza; ambos artigos facían referencia ao suposto de traballos realizados por empregados do Servizo de Deportes; e ao propósito de concretar cales serían eses traballos e a contía destes, responde o novo artigo 9 da Ordenanza.

10º.- A refundición prevista no apartado anterior, supón a renumeración do artigo 12 da ordenanza, do seguinte xeito:

- O artigo 12, convertese no artigo 10.

11º.- Suprímese o segundo parágrafo da disposición adicional única, posto que o seu contido xa se atopa reproducido polo artigo 5 no seu último parágrafo.

A continuación, detallase o texto íntegro da citada ordenanza modificada:

Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz e noutras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación Provincial de Ourense

Artigo 1º.- De conformidade co previsto na vixente lexislación reguladora das facendas locais, esta Deputación establece o prezo público pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz e noutras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación de Ourense.

Artigo 2º.- Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza tódalas persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan beneficiarias dos servizos ou da realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz e noutras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación de Ourense.

Artigo 3º.- A obrigaón de pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza nace desde que se accede á prestación do servizo ou á realización da actividade de que se trate.

Artigo 4º.- Cando por causas non imputables ó obrigado ó pagamento do prezo, non poida prestarse o servizo ou realiza-la actividade durante máis de tres días ó mes, por causas de forza maior ou pola programación de actividades de interese público, procederá a devolución do importe correspondente.

No suposto de que proceda a devolución, esta terá carácter proporcional ó tempo no que os servizos non estivesen dispoñibles e levarase a cabo, a elección do interesado, ben mediante redución ou compensación da cota seguinte ou ben mediante transferencia na súa conta bancaria.

Artigo 5º.- A Xunta de Goberno poderá conceder bonificacións nas tarifas por utilización do pavillón auxiliar e o pavillón principal, trala solicitude previa dos interesados, cando a actividade para a que se van utilizar as instalacións teña un claro carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, non podendo tratarse, en ningún caso, dunha actividade susceptible de reportarlle un beneficio económico ao solicitante.

Anualmente, ao longo da temporada deportiva, a Xunta de Goberno realizará unha convocatoria pública para a solicitude e concesión de bonificacións. O acordo de convocatoria incluírá unhas bases reguladoras, nas que se definirán os prazos de presentación de solicitudes, a documentación que debe presentarse e os lugares e condicións para a súa presentación, concretándose ademais os criterios de valoración e indicadores que se van utilizar para a ponderación das solicitudes presentadas.

A convocatoria poderá establecerse conxuntamente coa prevista no Regulamento de Organización do Pazo dos Deportes para presentación de solicitudes para o uso continuado de instalacións ao longo da temporada deportiva.

A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense e na páxina web do Pazo dos Deportes Paco Paz e do Servizo de Deportes. Adicionalmente poderá publicarse noutros medios de difusión.

Tralos informes previos oportunos, a Xunta de Goberno graduará a porcentaxe da bonificación que conceda en función dos criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras, podendo acadar con carácter extraordinario o 100% das tarifas establecidas.

Excepcionalmente, o Pleno da Deputación poderá regular, sen suxeición ás regras xerais establecidas nesta ordenanza, e mediante convenios de carácter plurianual, o uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz por parte de entidades deportivas cuxa actividade poida considerarse de marcado interese xeral para a provincia.

Os convenios de uso das instalacións preverán en todo caso as contraprestacións a que se obriguen as entidades beneficiarias, que non terá porque ter un contido económico, pero si supoñer un beneficio social ou deportivo para a provincia, preferentemente vinculado ao fomento do deporte de base.

Artigo 6º.- Poderáselles esixir ós usuarios do pavillón auxiliar, pavillón principal e outras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación Provincial de Ourense, a constitución dun depósito ou garantía para responder dos posibles danos ou estragos no uso das instalacións, sendo este devolto ó comprobarse que non se causase dano ningún.

Así mesmo poderase establecer un depósito ou garantía para aquelas entidades con reserva de instalación por temporada deportiva, de 100 euros, que lles será devolta ó finaliza la temporada.

Artigo 7º.- A cobranza das tarifas, depósitos ou garantías, reguladas nesta ordenanza efectuarase, segundo os casos, ben a través da máquina de cobro automático, ben a través da app ou da web do Pazo dos Deportes Paco Paz, ou ben mediante transferencia bancaria na conta bancaria titularidade da Deputación Provincial de Ourense.

Artigo 8º.- Consonte co sinalado no artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, delégase na Xunta de Goberno provincial a fixación e/ou modificación das tarifas resultantes da liquidación dos prezos públicos pola aplicación da presente ordenanza.

A Xunta de Goberno poderá establecer tarifas diferenciadas para usuarios que pertencen a colectivos precisados de especial protección ou que sexan obxecto de políticas de fomento da práctica deportiva, así como establecer tarifas bonificadas nos supostos de unidades familiares ou mediante o sistema de bonos para a utilización das instalacións e servizos durante períodos de tempo predeterminados.

En todo caso, as ditas tarifas deberán cubrir como mínimo o custo dos servizos prestados ou da actividade realizada, conforme establece o artigo 44.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Para tal efecto, a proposta de fixación de tarifas deberá acompañarse dun informe económico que xustifique este extremo.

Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 44 .2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Xunta de Goberno poderá establecer tarifas por debaixo do custo dos servizos ou actividades, cando aprecie de xeito motivado a existencia de razóns sociais, benéficas ou de interese público que o aconsellen.

Artigo 9º.- No suposto de que os organizadores das actividades sinaladas nesta ordenanza solicitasen que por parte dos empregados da Deputación se levasen a cabo os traballos de gravación ou retransmisión por streaming ou transmisión por secuencias, venta de entradas, vixilancia, fontanería e electricidade, limpeza, montaxe e desmontaxe de escenarios, estruturas deportivas, pantallas, palcos ou calquera outra instalación ou servizo técnico necesario e tendo en conta a complexidade e dedicación para o desenvolvemento dos mesmos, a Deputación de Ourense poderá esixir o aboamento dunha tarifa de 25 euros por hora ou fracción por cada empregado ou técnico da Deputación Provincial de Ourense que participe nos devanditos traballos.

Artigo 10º.- A Deputación Provincial poderá concertar para o desenvolvemento de calquera acto ou programa deportivo, social ou cultural, por un período máximo de doce meses, convenios ou concertos con entidades sen ánimo de lucro e organismos públicos que promovan actividades deportivas, culturais ou de carácter social, para os efectos de que poidan beneficiar- se dunha maior axilidade e seguridade no uso das instalacións así como dunha maior operatividade no seu funcionamento.

Os ditos convenios non poderán, en ningún caso, modifica-las tarifas establecidas nesta ordenanza.

D.A. ÚNICA: Excepcionalmente o Pleno da Deputación poderá regular, sen suxeición ás regras xerais establecidas nesta ordenanza e mediante convenios de carácter plurianual, o uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz por parte de entidades deportivas cuxa actividade poida considerarse de marcado interese xeral para a provincia.

2º.- Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local. Durante o

dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: AUTORIZACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS DO ORZAMENTO DO INORDE PARA O ANO 2023

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que este asunto xa foi tratado no consello Reitor do INORDE e xa sinalou que a partida orzamentaria máis elevada é a destinada á creación dun centro de transformación agrario e se aclararon as dúbidas de como se ía financiar esta infraestrutura. A modificación finánciase con cargo ao remanente de tesourería, engadindo por último que o voto do seu grupo vai ser a abstención.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): intervén para indicar que o seu grupo se vai abster na votación deste asunto.
- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): comeza indicando que o seu voto vai ser o da abstención, e que xa é ben coñecida a postura do grupo socialista sobre este organismo autónomo, o cal se nutre fundamentalmente de transferencias da propia Deputación. Considera que é un organismo que perfectamente podería estar integrado na estrutura da propia Deputación e evitar así duplicidade de gastos. Lembra que o INORDE non está a acadar o seu obxectivo principal, que é o do impulso e desenvolvemento da nosa provincia, e así o indican todos os indicadores, particularmente os do INE, no relativo á perda de poboación, avellentamento e outros. Os máis de dous millóns euros que se destinan a este organismo ben poderían dedicarse aos concellos da provincia para que estes sexan os que impulsen o desenvolvemento económico da nosa provincia.
- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): toma a palabra para sinalar que este expediente de modificación de créditos xa foi tramitado no Consello Reitor do INORDE e agora elévase a este pleno por imperativo legal. Engade que o importe total desta modificación de crédito é de 404.635,76 € e que se financia con cargo ao remanente de

tesourería para gastos xerais. Aclara que se prevén varias partidas que son necesarias para a contratación de asistencias técnicas para proxectos europeos nos que participa o INORDE, e a principal aplicación, como xa se dixo, é para licitar a obra dunha infraestrutura para ecosistemas de producións sostibles de alto valor engadido na provincia de Ourense, que se emprazará en Paderne de Allariz e que se financiará con fondos Next Generation.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), de DO (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos que figura no expediente n.º 2023/2315C do INORDE, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/162.04	Acción Social	12.900,00 €
42211/202.01	Arrendamentos Estacións de Ferrocarril	3.800,00 €
42211/204.00	Arrendamentos de material de transporte. Alugueiro de vehículos	7.150,00 €
42211/207.00	Prestación de servizos ao INORDE	50.000,00 €
42211/212.00	Reparación edificios e outras construcións	10.000,00 €
42211/226.16	Actividades de turismo	40.000,00 €
42211/227.10	Gastos diversos feiras e exposicións	20.000,00 €
42211/622.00	Investimentos reais	50.000,00 €
42211/622.02	Investimentos reais ecosistemas de producións sostibles de alto valor engadido na provincia de Ourense	150.000,00 €
42211/624.00	Elementos de transporte	26.000,00 €
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		369.850,00 €

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/227.17	Gastos profesionais independentes- RETO DEMOGRÁFICO	6.623,40 €
42211/227.18	Gastos profesionais independentes ESTRATEXIA	8.750,00 €

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
	UNE-TÁMEGA OURENSE	
42211/227.19	Gastos profesionais independentes RAIA SECA	1.159,86 €
42211/227.20	Gastos profesionais independentes CIRCULAR-ECOSYSTEM	6.152,50 €
42211/627.29	Equipamentos-RETO DEMOGRÁFICO	12.100,00 €
SUMA CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		34.785,76 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito	369.850,00 €
Suma concesión de créditos extraordinarios	34.785,76 €
TOTAL	404.635,76 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	404.635,76 €
--	---------------------

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- EXPEDIENTE 2/2023 DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS MEDIANTE A CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E SOBRE A MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EJERCICIO 2023

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza sinalando que este asunto é o que en francés se di un “déjà vu”, xa que levamos moitas modificacións orzamentarias tratadas neste pleno e con importes moi elevados, como no presente caso, en que son vinte millóns de euros en números redondos. Podemos dicir o que dicimos sempre, e é que o reparto de subvencións entre os concellos e entidades non pode ser deste xeito a través de subvencións

nominativas senón a través dun sistema de concorrencia e con criterios claros, xustos e obxectivos. Debería arbitrarse un sistema a través dun plan único provincial que, con base en certos criterios, dispuxese o reparto de fondos entre os concellos, para que estes soubesen os importes cos que poden contar nos seus propios orzamentos e sexan os propios concellos os que decidan o seu destino, sen prexuízo de que unha pequena parte poida quedar con certa marxe de discrecionalidade política para o grupo de goberno, para aqueles proxectos que poida considerar estratéxicos, pero non para a maior parte, como sucede nesta modificación. Outro exemplo da mala praxe nesta materia subvencional é da Xunta de Galicia e a concorrencia non competitiva onde se atenden as solicitudes pola orde da súa presentación na sede electrónica. Esta eiva democrática desta institución, tamén a sofren na administración estatal e na autonómica no reparto dos seus fondos aos concellos do país. Sobre a propia distribución de fondos que se expón na modificación, sinala que lle chaman a atención algunhas como a relativa á Cruz Vermella polo seu escaso importe, e a destinada á Fundación Gavela, polo seu elevado importe. Outro exemplo é a partida orzamentaria máis elevada da modificación e que vai destinada a expropiación para instalacións e actividades de ocio da zona termal cun importe de 295.000,00 €. Ao final é difícil rebater a maior parte destas axudas pero o que si claramente é mellorable é a fórmula de reparto destas axudas e lle gustaría, aínda que esteamos ao final do mandato, que se mude no futuro esta forma de actuar e así o seguirá reclamando.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo de DO): toma a palabra nesta primeira quenda e comeza afirmando que estamos ante unha modificación orzamentaria para esta provincia, pero non só pola súa elevada contía, porque se presentase antes á prensa que á oposición ou porque non sexa consensuada cos concellos da provincia, senón porque pode ser a derradeira que se faga desta maneira, sen igualdade, sen xustiza e sen responder á maior parte das demandas e necesidades desta provincia. Lembra que os concellos están a prestarlle actualmente unha elevada carta de servizos á veciñanza, algúns impropios e outros que exceden o carácter municipal, como é o dos conservatorios de música, ou as escolas deportivas, especialmente polos concellos cabeceira de comarca. Afirma que o goberno provincial ignora a estes concellos, seguramente porque o PP non goberna en ningún. A continuación pregunta como fomenta a autonomía municipal esta Deputación cos concellos aos que lles asigna “0” euros nesta modificación, ou se é que os concellos nos que non goberna o PP non existen proxectos estratéxicos a subvencionar. Sobre o contido da modificación entende que a maioría dos

proxectos seguramente serán necesarios, aínda que seguramente algúns non o serán e faltan outros que si son moi necesarios. Parece que o que si é prioritario e estratéxico é converter a Ourense nun gran *plató* de cine poñendo 1.160.000,00 €, indicando que este lle parece moi ben, pero que antes haberá que atender as necesidades da provincia. Nesta modificación tamén podemos ver asfaltados, melloras en parques infantís, reparacións e soterramentos, pero para os concellos de sempre. Sinala que nesta situación “chove sobre mollado”, e pon como exemplo o eixo estratéxico sobre o ciclo da auga no que de todos os proxectos aprobados, só un vai para un concello que non é do PP, do eixo de alianzas estratéxicas, so un de vinte e catro non é do PP, do eixo de infraestruturas culturais e deportivas, tres de trinta. Entre os trinta concellos máis beneficiados desta modificación só hai dous que non son do PP. Se analizamos os datos de euros por habitante, o concello de Cortegada leva 500 € por habitante, mentres que a vila máis importante que é O Carballiño leva 10 € por habitante, ou Xinzo e O Barco de Valdeorras que levan 7 € por habitante. Engade que concellos como Verín, Celanova, Barbadás, Castro Caldelas, Entrimo ou Maside levan 0 €. Por esta razón entende que hai que cambiar a modificación desta Deputación, que en vez de concello dos concellos, debe ser a de concello dos concellos amigos ou concello dalgúns concellos.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza a súa intervención indicando que por derradeira vez neste mandato se trae o principal expediente de modificación orzamentaria do exercicio, que pretende atender a todas as demandas trasladadas ao presidente da Deputación polos concellos e entidades da provincia. A cooperación é a palabra clave deste goberno provincial, e ben garantida por unha xestión económica sobresaínte que permitiu acadar o remanente de tesourería máis alto da historia desta institución. Se amplían, entre outras, partidas xa existentes para proxectos de enerxía renovable (comunidades enerxéticas), Portas do Xurés, actividades deportivas, GDR da provincia ou administración electrónica. Suplementáanse partidas como as achegas a concellos (58) para proxectos, programas ou servizos, servizos sociais ou turismo, ou a cooperación con 73 axentes sociais da provincia de diferentes sectores. Colaboración coa Universidade de Vigo para ampliación do Campus de Ourense ou a colaboración co sector audiovisual para que diferentes series ou longametraxes se localicen nesta provincia. Destaca igualmente o Plan SeniORtv, para loitar contra a soidade non desexada, cunha dotación de un millón de euros ou a ampliación dos programas do BenOurense en 300.00,00 € e EmergOU para concellos afectados polas riadas de principios deste ano. Tamén se contempla o gasto para asumir a parte que lles correspondería aos

concellos para financiar os GES da provincia. Remata indicando que o esencial desta modificación é o absoluto compromiso deste goberno para cooperar cos concellos e entidades do noso territorio, e agarda que en todo o tempo de xestión se poida atender a todas as solicitudes.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): intervén para sinalar que lle sorprende escoitar aos voceiros do BNG e do PS de G-PSOE e que non falen de programas tan importantes como o BenOurense, a ampliación do Campus de Ourense, o programa contra a soidade non desexada dotado con un millón de euros e outros recollidos na presente modificación de crédito. Sobre a crítica do PSOE de Ourense aos investimentos en patrocinios para longametraxes ou series que se realicen na nosa provincia lembra que o turismo de cine move anualmente a oitenta millóns de persoas no mundo e que crece ano tras ano, con exemplos moi relevantes en España. Con respecto á referencia aos concellos amigos indica que entón aos da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil haberá que chamarlle concellos “superamigos”, xa que nesta recta final de mandato están a recibir investimentos moi cuantiosos e curiosamente en concellos gobernados todos polo PSOE.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta quenda comeza apuntando que el critica todas as subvencións nominativas e convenios que dan as distintas AAPP, incluídas a autonómica e o Estado, así como o reparto que fai esta Deputación sen criterios obxectivos na distribución da maior parte dos seus fondos. Sobre o programa SeniORtv indica que é difícil falar del cando se descoñece, xa que se preguntou por el na comisión informativa e aínda non se explicou como se vai materializar. Respecto ao investimento para a ampliación do Campus de Ourense, sinala que é unha competencia específica da Xunta de Galicia e debería financiarse con cargo ao orzamento autonómico, xa que a Deputación está para outras cousas, fundamentalmente para apoiar aos concellos da provincia. Sobre a adhesión da metade dos concellos da provincia á cláusula novena do Plan Provincial indica que ao mellor a súa proposta non está para nada desencamiñada e que deben ser os propios concellos os que decidan en que gastar os seus ingresos. Finaliza sinalando que nesta Deputación estamos falando do “reparto das migallas” e que se fai sen criterios xustos e cun reparto puramente lineal, e sen ter en conta criterios como a poboación, e con respecto á distribución que fai o Estado de transferencias correntes aos concellos, engaden que os de Galicia e particularmente os de Ourense, saímos moi prexudicados, polo que debería mudarse e que o representante do BNG no Parlamento español seguramente apoiaría unha modificación destes criterios de

reparto. Remata desexando que no vindeiro mandato por fin se poida facer realidade ese plan único para os concellos da provincia de Ourense.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): sinala que o seu grupo se vai abster na votación deste asunto, xa que están a favor de moitas das axudas, non tanto doutras, pero que se poden analizar todas e cada unha delas individualmente xa que se trata dun único expediente. A continuación refírese a unha subvención de 8.000,00 € prevista a favor da Fundación Otero Pedrayo para o Miradoiro Bocarribeira de Otero Pedrayo, e que se trata de adquirir unha parcela no límite entre os concellos de Amoeiro e Ourense, e que por fin permite que se poida rematar esa obra na que participou o concello de Ourense, polo que entende que á Deputación hai que darlle un pequeno tirón de orellas polo retraso en cumprir os seus compromisos.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): brevemente intervén para dicir que el por suposto que está a favor do investimento en materia de educación, pero que en Ourense estamos a formar a moita xente que logo ten que emigrar ante a falla de oportunidades laborais na nosa provincia, e que a maior parte da xente se vai obrigada polas circunstancias da provincia. Engade que a súa crítica da primeira quenda non se pode debater, xa que é un dato obxectivo que algúns concellos da provincia levan “0” euros por habitante nesta modificación, e outros levan “500,00” euros por habitante. Remata sinalando que queda claro que o remanente de tesourería desta Deputación obedece en gran parte á débeda histórica desta institución cos concellos que non son da súa cor política, e que moitos alcaldes e alcaldesas presentaron en tempo e forma proxectos ante esta Deputación e non foron incluídos nesta modificación, e que isto é facilmente demostrable, e moitos dos que aparecen recollidos non foron presentados, polo que claramente se trata dunha diferenza entre concellos amigos e inimigos, desexando que no vindeiro mandato rematen estas prácticas e o *ninguneo* constante a moitos alcaldes e alcaldesas socialistas.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza indicando respecto ás afirmacións realizadas sobre concellos amigos e inimigos que aquí hai para todos e que non hai máis que ver a distribución de fondos que fan outras administracións. O goberno provincial atende ao plan de mandato destes catro anos, afirmando que se fixo un gran traballo para poder traer este expediente de tanta complexidade neste pleno, tralo ditame na comisión informativa pola vía de urxencia, vía que por outra parte é perfectamente legal. Este expediente entregouse con tempo suficiente para a súa análise, oito días, e remata sinalando que responde ao modelo do

grupo provincial do PP, que para algo é o que ten a lexitimidade para gobernar, e no vindeiro mandato o próximo goberno aprobará a estratexia que considere máis conveniente e axeitada.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto favorable de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, a abstención de DO (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente n.º 2/2023 de modificación dos créditos orzamentarios mediante a concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito e sobre a modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023, co seguinte detalle:

a. [Modificación orzamentaria cuantitativa mediante a concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito](#)

O presidente da entidade, na súa proposta, propón unha [modificación orzamentaria cuantitativa mediante a concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe de 20.123.985,85 €](#), financiados co remanente de tesourería para gastos xerais (RTGX) que se desprende da liquidación do exercicio 2022, xustificando para o efecto a necesidade da medida acreditando o carácter determinado dos gastos a realizar. O detalle da [modificación orzamentaria cuantitativa](#) proposta é a seguinte:

Créditos extraordinarios

Aplicación orzamentaria	Concepto	Importe
42511/48900	Outras transferencias. Eficiencia e enerxías renovables	200.000,00 €
45012/46219	Transferencias correntes a concellos. Portas do Xurés (Concello de Bande, Concello de Calvos de Randín, Concello de Entrimo, Concello de Lobeira, Concello de Lobios e Concello de Muíños). Cooperación provincial	60.000,00 €
45012/46220	Transferencias correntes a concellos. Xurés Experience (Concello de Bande, Concello de Entrimo, Concello de Lobeira, Concello de Lobios e Concello de Muíños). Cooperación provincial	60.000,00 €

45012/48920	Outras transferencias. GDRs (Ourense - Adercou, Carballiño - Ribeiro, Limia - Arnoia, Monteval, Sil Bibei - Navea e Valdeorras). Cooperación provincial	60.000,00 €
45012/82120	Préstamos a l/p a concellos	129.000,00 €
92014/20600	Arrendamentos de equipos para procesos de información. Administración electrónica	55.000,00 €
Total		564.000,00 €

Suplementos de crédito

Aplicación orzamentaria	Concepto	Importe
13411/46200	Transferencias correntes a concellos para GES. Protección defensa civil	536.000,00 €
16111/46700	Transferencias correntes a consorcios. Servizo de Augas e Medio Ambiente	270.000,00 €
23111/46200	Transferencias correntes a concellos. Acción social	300.000,00 €
23111/48920	Outras transferencias. Cruz Vermella. Acción Social	20.000,00 €
23112/20700	Prestación de servizos. Acción social. Teleasistencia	1.000.000,00 €
31311/62300	Maquinaria, instalacións técnicas e ferramenta. Prevención de Riscos Laborais	40.000,00 €
33418/62500	Mobiliario e pertenzas. Centro Cultural Marcos Valcárcel	40.000,00 €
33420/22609	Actividades culturais. Actividades culturais	100.000,00 €
33420/22611	Rede Auditorios. Actividades culturais e recreativas	100.000,00 €
33420/22615	Patrocinios rodaxes en Ourense. Actividades culturais	1.160.000,00 €
33420/48905	Outras transferencias. Fundación Eduardo Blanco Amor. Actividades culturais e recreativas	15.000,00 €
33420/48916	Outras transferencias. Asociación Coordinadora Festa da Istoría. Actividades culturais e recreativas	10.000,00 €
33420/48928	Outras transferencias. Aca. Audiovisual. Actividades culturais e recreativas	80.000,00 €
33420/48940	Outras transferencias. Asociación Cultural Rebulir. Actividades culturais e recreativas	5.000,00 €
33420/48941	Outras transferencias. Fundación Sotelo Blanco. Actividades culturais e recreativas	20.000,00 €
33420/62501	Esculturas e pertenzas. Actividades culturais e recreativas	70.000,00 €
33421/48933	Outras transferencias. Fundación Insua dos Poetas	15.000,00 €
34111/22608	Fomento do deporte. Actividades deportivas	100.000,00 €
34111/47904	Outras subvencións a empresas privadas. MEISA ESQUIOU. Fomento do deporte	71.000,00 €
34111/48207	Rali Ourense. Promoción e fomento do deporte	8.000,00 €
34111/48208	Copas Deputación. Promoción e fomento do deporte	55.000,00 €

42011/41000	Transferencias correntes a organismos autónomos. INORDE	270.400,00 €
45012/46200	Cooperación Provincial. Concellos	919.773,94 €
45012/48900	Outras transferencias. Cooperación Provincial	2.061.430,15 €
45012/76200	A Concellos. Cooperación Provincial	500.000,00 €
45012/76201	A Concellos. Subvencións. Cooperación Provincial	7.386.575,19 €
45012/78901	Outras transferencias. Cooperación Provincial	1.782.007,62 €
45312/20400	Rénting material transporte. Parque de Maquinaria	22.100,00 €
91211/22601	Atencións protocolarias e representación. Corporación Provincial	100.000,00 €
91211/22602	Información e publicidade. Corporación Provincial	773.000,00 €
91211/22609	Actividades culturais. Corporación Provincial	168.000,00 €
91211/22706	Estudos e traballos técnicos. Corporación Provincial	218.000,00 €
92001/23301	Asistencias a tribunais e insc. p. Secretaría Xeral	100.000,00 €
92011/22201	Postais. Pazo Provincial	75.000,00 €
92012/13010	Retribucións básicas. Goberno e Réxime Interior	84.900,61 €
92012/13012	Outras remuneracións. Goberno e Réxime Interior	121.798,34 €
92014/22730	Mantemento. Administración Electrónica	110.000,00 €
92014/64100	Gastos en aplicacións informáticas. Administración Electrónica	822.000,00 €
92016/20500	Arrendamento mobiliario. Imprenta Provincial	30.000,00 €
Total		19.559.985,85 €

b. Modificación das bases de execución do Orzamento (base núm. 100 e Anexo IV).

Propónse modificar a base de execución núm. 100 do orzamento xeral da entidade, así como o seu anexo IV, segundo o detalle seguinte:

- Base de execución núm. 100:

Modifícase o parágrafo primeiro da base de execución núm. 100 do orzamento xeral, quedando redactado como segue:

"Poderanse conceder anticipos reintegrables das retribucións líquidas que lle corresponda percibir ao solicitante, cun tope máximo de 5.500,00 €".

- Anexo IV:

Engádeselle ao anexo IV das bases de execución o texto seguinte, coa finalidade de concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados por mor do presente expediente de modificación orzamentaria, especificándose as aplicacións orzamentarias

para as que se habilita crédito, así como doutras aplicacións que son obxecto de modificación cualitativa:

Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/46200 "Cooperación Provincial. Concellos":

CONCELLO	OBXECTO	IMPORTE
ALLARIZ	Festival Internacional de Xardíns	30.000,00 €
ARNOIA	XVI Encontro Vilas Termais da FEMP-Organización	20.000,00 €
BALTAR	Plan Cultural	50.000,00 €
BANDE	Servizos sociais 2023	100.000,00 €
BEARIZ	Redacción do proxecto de construción de cemiterio público	25.000,00 €
BOBORÁS	Festa da Batalla	20.000,00 €
BOBORÁS	Cofinanciamento obradoiro de emprego para arranxo de lavadoiros	27.558,72 €
BOBORÁS	Plan Parcial en Boborás	18.000,00 €
CARTELLE	Gastos de aloxamento fútbol sala 2022	15.000,00 €
CENLLE	Actualización do ruevo	30.000,00 €
CORTEGADA	Promoción turística	3.000,00 €
CUALEDRO	Recuperación do patrimonio etnográfico entroido	6.000,00 €
LEIRO	Guía turística	7.000,00 €
MANZANEDA	Brigada de protección do ambiente e espazo natural de Manzaneda e Chandrexa	16.221,66 €
MEZQUITA (A)	Inventario bens municipais (dixitalización e actualización)	8.893,56 €
MONTERREI	Festa da Vendima 2023	12.500,00 €
MUÍÑOS	Campamentos Galego e Nacional de Piragüismo	9.800,00 €
MUÍÑOS	Campamentos Xuvenís Explora a Baixa Limia - Coñece Ourense	79.000,00 €
OÍMBRA	Feira do Pemento	10.000,00 €
PARADA DO SIL	Bus Lanzadera - Mobilidade Sostible Ribeira Sacra	10.000,00 €
PARADA DO SIL	Gastos de funcionamento do Museo do Chocolate	23.000,00 €
PEREIRO DE AGUIAR (O)	Actividades deportivas	25.000,00 €
PEREIRO DE AGUIAR (O)	Promoción turística	25.000,00 €
PORQUEIRA	Servizos básicos (alumeado, calefacción, abastecemento, etc)	175.000,00 €
PUNXÍN	Asesoramento urbanístico para o exercicio 2023	25.000,00 €
RIBADAVIA	Feira do Viño do Ribeiro 2023	10.000,00 €
SANDIÁS	Gastos de funcionamento do Punto de Atención á Infancia	30.000,00 €
XINZO DE LIMIA	Celebración da 1ª fase do XIV Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas	15.000,00 €
XUNQUEIRA DE AMBÍA	Plan rutas de sendeirismo	22.800,00

		€
XUNQUEIRA DE AMBÍA	Proxecto "Aprende Xunqueira" de conciliación	18.000,00 €
XUNQUEIRA DE AMBÍA	Verán cultural	25.000,00 €
XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO	Funcionamento Museo da Alfarería	20.000,00 €
TOTAL		919.773,94 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/489.00 "Outras transferencias. Cooperación Provincial":

BENEFICIARIO	OBJECTO	IMPORTE
AIXIÑA	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
AMICOGAL	Gastos de funcionamento e proxectos 2023	40.000,00 €
ANASBABI-Enfermidades raras	Proxectos 2023 e gastos de funcionamento	3.600,00 €
ANPA O Areal-Celanova	Actividades 2023	2.000,00 €
ANTELA C.F.	Gastos de transporte, marcador electrónico e máquina cortacésped	9.000,00 €
Antonio Luz	Videoclips	25.000,00 €
Asoc. Autismo Apuntaste	Axuda para gastos e desenrolo do proxecto	15.207,15 €
ASOC. CULTURAL RIBADAVIA ACTIVA.T	Noite meiga 2023	6.000,00 €
Asoc. Pulpeiros do Carballiño	Gastos de funcionamento e promoción	50.000,00 €
ASOCIACIÓN AMIGOS CAMINO MOZÁRABE VÍA DE LA PRATA	Organización XIII Congreso Internacional de Asociaciones Jacobeas	90.000,00 €
Asociación Cultura "Porta da Cadea" Sobrado do Obispo - Barbadás	Proxecto Alberto García Ferreiro	2.273,00 €
Asociación cultural A Capela	Actividades culturais e gastos de funcionamento	10.000,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL ARTEFICIAL	Festival Artifical 2023	6.000,00 €
ASOCIACION CULTURAL LA TROYA	Gastos de funcionamento	6.000,00 €
Asociación Cultural Luarada	Festival RIR de Allariz	5.000,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE FEÁS - A AGUIONCHA - CALVOS DE RANDÍN	Proxectos 2022 e 2023	4.000,00 €
Asociación Deportiva Bosco Salesianos	Copa Galicia Baloncesto 2022	5.000,00 €
Asociación Guter Menéndez	Gastos de funcionamento	6.000,00 €
Asociación Lembranza Solpor	Gastos de funcionamento e instrumentos	5.000,00 €
ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTÓNOMOS	Posta en marcha APP Seviautónomos	20.000,00 €
ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE SORDOS	Proxecto Provincial	25.000,00 €
ATAVE	Plan formativo 2023	50.000,00 €
BADAL NOVAS	Gastos de funcionamento 2020, 2021, 2022 e 2023	50.000,00 €
C.D. Arenteiro	Gastos de funcionamento e mantemento	50.000,00 €
C.D. Barco	Gastos de funcionamento e mantemento	18.000,00 €

Celanova CHEA	Gastos de funcionamento e campaña 2023	8.000,00 €
Cidade das Burgas FSF	Gastos de funcionamento e mantemento	12.500,00 €
Círculo de Empresarios de Galicia	Programa de actividades Ourense	50.000,00 €
Club Deportivo Xadrez Ourense	Escolas deportivas xadrez 2022	2.300,00 €
Club Deportivo Xadrez Ourense	Escolas deportivas xadrez 2023	5.000,00 €
Club Montaña Cuevas Nogueira Trail	Trail Ribeira Sacra	3.000,00 €
COGAMI	Gastos de funcionamento programas de inserción laboral	50.000,00 €
CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE	Acto celebración 45 anos CEO	8.000,00 €
CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE	Reactiva 45	45.000,00 €
Consello Regulador Ribeiro	Actualización rexistro patrocinio 2023	60.000,00 €
CRUZ VERMELLA	Socorros e emerxencias	25.000,00 €
Escudería AGE Motorsport	Subida A Saleta 2022	3.000,00 €
Escudería Luíntra	Rallye Ribeira Sacra	10.000,00 €
ESCUDEIRÍA TALARIÑO	Subida a Vilar de Barrio 2023	20.000,00 €
Escudería Valdeorras S.L.	V Subida a Valdeorras	20.000,00 €
ESTABLECEMENTOS ASOCIADOS DO RIBEIRO	Actividades ano 2023	15.000,00 €
EXPOURENSE	Previsel	5.000,00 €
EXPOURENSE	Concurso proxectos empresariais e tecnolóxicos	5.000,00 €
EXPOURENSE	Mercado Transfronteirizo	15.000,00 €
EXPOURENSE	Ourense Vinis Terrae	40.000,00 €
EXPOURENSE	Termatalia Uruguai	10.000,00 €
EXPOURENSE	Xantar	5.000,00 €
EXPOURENSE	Sportur	5.000,00 €
Eze Mosquera Events S.L.	O Gran Camiño (Volta ciclista)	121.000,00 €
Federación Comercio Ourense	Gastos de funcionamento	25.000,00 €
Federación Española Kárate	Campionato de España Absoluto e Parakárate	10.000,00 €
Federación Galega Atletismo	Actividades en pista cuberta. Ano 2023	10.000,00 €
FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO	Organización de eventos deportivos na provincia e promoción	30.000,00 €
Federación Gallega de Fútbol	Campionato de España Seleccións Sub-19 e Sub-16 de Fútbol Sala	10.000,00 €
Federación Gallega Hockey	Campionato de España Sénior Hockey Sala	10.000,00 €
Federación Gallega Hockey	Campionato de España Infantil Hockey Masculino e Feminino	10.000,00 €
Foro La Región	Gastos de organización	200.000,00 €
Fundación ADO Moure	Actividades ano 2023 e "Día da Bici"	12.000,00 €
Fundación Adolfo Domínguez	Documental Adolfo Domínguez	150.000,00 €
Fundación Carlos Velo	Gastos de funcionamento e actividades	20.000,00 €
Fundación Discapacitados Celanova	Gastos de funcionamento	40.000,00 €

FUNDACIÓN ESTANISLAO REVERTER	Gastos de promoción e eventos de presentación Alpinche	6.000,00 €
FUNDACIÓN GAVELA	Servizo de medidas xurídicas	60.000,00 €
FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO	Miradoiro Bocarribeira de Otero Pedrayo	8.000,00 €
FUNDACIÓN VICENTE RISCO	Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais	1.500,00 €
FUNDACIÓN VICENTE RISCO	Premio Antón Risco de Novela	2.000,00 €
Gayoso racing	Campionato Europa 2023	10.000,00 €
GDR Limia-A Arnoia	Iniciativa "A Terra" - Gastos de funcionamento (Custos de persoal e comunicación)	30.000,00 €
Global Management Challenge	Gastos de funcionamento	5.900,00 €
Instituto de Estudos Valdeorreses	Gastos de funcionamento: Proxectos valdeorreses	13.350,00 €
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DO RIBEIRO	Gastos de funcionamento e proxectos	50.000,00 €
MANCOMUNIDADE TURÍSTICA DO RIBEIRO	Gastos de funcionamento e proxectos	20.000,00 €
NEXT EDUCACION	Curso Especialista Rural Intelixente	20.000,00 €
Ourense C.F.	Gastos de funcionamento e mantemento	50.000,00 €
Rondalla de Moreira (Asociación Cultural Breogán San Pedro de Moreiras)	Renovación de vestiario	6.100,00 €
Ruta do Viño do Ribeiro	Mantemento web e promoción	20.000,00 €
Semente Monforte	Concurso de proxectos empresariais	3.000,00 €
SOCIDROGALCOHOL	Congreso Nacional	5.000,00 €
Sociedad Filarmónica Solpor Celanova	Gastos de funcionamento e material	5.000,00 €
U.D. Ourense	Gastos de funcionamento e mantemento	25.200,00 €
UVIGO	Convenio para actividades de difusión cultural	80.000,00 €
Verín C.F.	Gastos de funcionamento tempada 22/23	17.500,00 €
TOTAL		2.061.430,15 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/76201 "A Concellos. Subvencións. Cooperación Provincial":

CONCELLO	OBXECTO	IMPORTE
ALLARIZ	Proxecto de escavacións de Armea - Santa Mariña	25.000,00 €
ALLARIZ	Cambio de luminarias a led (Programa de aforro enerxético)	45.000,00 €
ARNOIA	Humanización de vías municipais	174.525,32 €
ARNOIA	Melloras no campo de fútbol da Queixeira	40.000,00 €
AVIÓN	Acceso ao centro de saúde	48.000,00 €
AVIÓN	Arranxo estrada Mangüeiro	48.000,00 €
AVIÓN	Renovación equipamento residencia	50.000,00 €
BALTAR	Humanización en núcleos municipais	48.000,00 €

BALTAR	Mantemento de rutas de sendeirismo	48.000,00 €
BANDE	Adquisición de finca para fins termais	18.000,00 €
BANDE	Fase II Río Badella (Convenio con CH Miño-Sil e Concello)	76.000,00 €
BARCO DE VALDEORRAS (O)	Pavimentación e renovación de infraestruturas na rúa Elena Quiroga (marxe esquerda)	100.000,00 €
BEARIZ	Construción velorio	70.000,00 €
BOBORÁS	Urbanización parcela centro de saúde (anualidade 2023)	75.000,00 €
BOBORÁS	Aportación municipal ao Plan Marco	9.500,00 €
BOBORÁS	Cofinanciamento IDAE para proxectos municipais	18.000,00 €
BOBORÁS	Cofinanciamento proxectos Xunta de Galicia	8.000,00 €
BOBORÁS	Humanización Xurenzás (Fase II)	48.000,00 €
BOBORÁS	Pavimentación de camiños públicos	48.000,00 €
BOBORÁS	Praza da igrexa de San Pedro de Brués	48.000,00 €
CARBALLIÑO (O)	Melloras no campo de fútbol	150.000,00 €
CARTELLE	Rehabilitación en casa Carlos Velo para sede da fundación	48.000,00 €
CASTRELO DE MIÑO	Arranxo e humanización da piscina	48.000,00 €
CASTRELO DE MIÑO	Arranxo de centro social e equipamento	48.000,00 €
CASTRELO DE MIÑO	Cofinanciamento de obras e servizos municipais	73.000,00 €
CASTRELO DO VAL	Asfaltado na rúa Os Carboeiros	48.000,00 €
CENLLE	Restauración ambiental en Laias	36.844,12 €
CHANDREXA DE QUEIXA	Arranxo Alto do Viso - Casteloais	48.000,00 €
CHANDREXA DE QUEIXA	Gastos de investimentos agrupación servizo Chandrexa-Manzaneda	17.545,00 €
CHANDREXA DE QUEIXA	Mellora nas instalacións de abastecemento de Za - Celeiros	47.968,89 €
COLES	Arranxos na hípica municipal	48.000,00 €
CORTEGADA	Cofinanciamento proxectos Xunta de Galicia	35.000,00 €
CORTEGADA	Cofinanzamento Plan Hurbe	32.115,55 €
CORTEGADA	Expropiación para instalacións e actividades de ocio da zona termal	295.000,00 €
CORTEGADA	Infraestrutura viaria de acceso ao parque empresarial de Cortegada	13.627,52 €
CORTEGADA	Obras de eficiencia enerxética (xa rematadas)	12.000,00 €
CUALEDRO	Acceso parapente Larouco	48.000,00 €
CUALEDRO	Pozos en Lucenza	48.000,00 €
CUALEDRO	Vivendas sociais	81.000,00 €
CUALEDRO	Construción de punto limpo para os concellos de Trasmiras, Monterrei e Cualedro	120.000,00 €

ESGOS	Eficiencia enerxética (Placas solares-depuradora Folgoso-EDAR Laredo)	48.000,00 €
ESGOS	Parada Justel - Melloras na biblioteca municipal	30.000,00 €
ESGOS	Plan Hurbe (Humanización vivendas sociais Cuartel da Garda Civil)	64.797,33 €
ESGOS	Vivendas sociais	77.181,00 €
IRIXO (O)	Beirarrúas en Nogueira	48.000,00 €
IRIXO (O)	Reparación de depósitos	48.000,00 €
LAZA	Abastecemento no núcleo de Retorta	80.000,00 €
LAZA	Reparación de infraestruturas en varios núcleos municipais	48.000,00 €
LEIRO	Acondicionamento da rúa Real	48.000,00 €
LEIRO	Cubrición e nova ubicación das gradas do campo de fútbol de San Bartolomé	48.000,00 €
LOBEIRA	Depósito de auga en Cabaleiros	48.000,00 €
LOBIOS	Gradas do campo de fútbol	48.000,00 €
LOBIOS	Mellora de vías municipais	48.000,00 €
MACEDA	Instalacións eléctricas no campo de fútbol	48.000,00 €
MACEDA	Mellora do firme en Outeiro da Torre	47.936,51 €
MACEDA	Parque de habilidades ciclistas	35.000,00 €
MERCA (A)	Obras de acondicionamento de acceso á estrada OU-540 en Parderrubias	47.984,89 €
MERCA (A)	Reparación de firme na Mezquita	48.000,00 €
MERCA (A)	Soterrado do cableado aéreo en Parderrubias	48.000,00 €
MEZQUITA (A)	Fase II viveiro planta castineiro	20.000,00 €
MEZQUITA (A)	Sinalización rueiro en 10 pobos	3.000,00 €
MONTEDERRAMO	Urbanización de parcela para execución do centro de saúde	50.000,00 €
MONTERREI	Pozo en Guimarey	46.435,07 €
MUÍÑOS	Acondicionamento de espazos públicos no concello - Airas de Barrio de Muíños, Prazas de Farnadeiros, Reparade, Maus de Sala e Praza da Deputación en Mugeimeis	48.300,00 €
MUÍÑOS	Mellora acceso Prado-Reparade-Estrada de Lobios(OU-1201)	140.000,00 €
MUÍÑOS	Mellora do abastecemento de augas en Xermeade, Cados, Porqueirós, Abelleira e Calvelo	48.000,00 €
MUÍÑOS	Plan Hurbe	179.951,55 €
NOGUEIRA DE RAMUÍN	Arranxo de camiños rurais en Nogueira	48.000,00 €
NOGUEIRA DE RAMUÍN	Limpeza de camiño e xestión medioambiental	40.000,00 €
OÍMBRA	Cofinanciamento camiños incendios declarado catastrófico	70.207,28 €
OÍMBRA	Cofinanciamento proxecto Xunta de Galicia	30.000,00 €
OÍMBRA	Humanización Espiño	

		48.000,00 €
OÍMBRA	Instalacións deportivas	46.407,60 €
PADERNE DE ALLARIZ	Alcantarillado e beirarrúa peonil en San Lorenzo	48.000,00 €
PADERNE DE ALLARIZ	Recuperación de manantiais en San Xes	48.000,00 €
PADRENDA	Traballos medioambientais e limpeza viaria	60.000,00 €
PARADA DO SIL	Cofinanciamento proxecto cargadores eléctricos	17.000,00 €
PEREIRO DE AGUIAR (O)	Eficiencia enerxética	150.000,00 €
PEROXA (A)	Danos polas continuas precipitacións	36.500,00 €
PEROXA (A)	Mellora do saneamento no núcleo de Val	10.000,00 €
PETÍN	Arranxo da estrada de acceso a San Paio	72.000,00 €
POBRA DE TRIVES	Aforro eficiencia enerxética en Cova Igrexa	34.404,38 €
POBRA DE TRIVES	Aforro eficiencia enerxética en Sas de Xunqueira	32.455,00 €
PONTEDEVA	Cofinanciamento de diversos proxectos Xunta de Galicia	60.000,00 €
PORQUEIRA	Mellora do abastecemento no pobo de Filgueira e Toxal	36.372,60 €
PORQUEIRA	Pozas Filgueira e San Mamede	48.000,00 €
PORQUEIRA	Proxecto de abastecemento no pobo de San mamede	34.000,00 €
QUINTELA DE LEIRADO	Adecuación do entorno da igrexa de San Pedro de Leirado	48.000,00 €
QUINTELA DE LEIRADO	Humanización e melloras na parcela e na Casa do Concello	48.000,00 €
RIBADAVIA	Abastecemento e saneamento en A Grova e As Chavolas (convenio)	263.000,00 €
RIÓS	Cofinanciamento mellora do abastecemento e saneamento en Navallo	81.321,33 €
RÚA (A)	Investimentos en mobiliario-equipamento do concello	15.000,00 €
RÚA (A)	Urbanización rúa A Mazaira - Fase II	70.000,00 €
RÚA (A)	Urbanización rúa Pereira - Fase II	70.000,00 €
RÚA (A)	Urbanización O Barrio	40.000,00 €
RUBIÁ	Acondicionamento de espazos públicos	40.000,00 €
RUBIÁ	Mellora do acceso a Trambasaugas	48.000,00 €
RUBIÁ	Pavimentación de rúas	145.000,00 €
RUBIÁ	Reparación de vías públicas en Quereño	48.000,00 €
SAN AMARO	Alumeado público na parroquia de Eiras	48.000,00 €
SAN AMARO	Mellora de camiños nas parroquias de San Amaro e Beariz	47.984,00 €
SAN AMARO	Obras de reforma do centro de saúde	15.000,00 €
SAN AMARO	Reparación de tellado no centro social de Anllo	48.000,00 €
SAN AMARO	Recuperación do antigo campo de fútbol de San Amaro para espazo de usos múltiples	10.000,00 €
SAN CRISTOVO DE CEA	Afirmado do camiño cemiterio de Cea	129.000,00 €
SAN CRISTOVO DE CEA	Mellora nas vías municipais	152.000,00 €

SAN CRISTOVO DE CEA	Pista deportiva	30.000,00 €
SAN XOÁN DE RÍO	Aglomerado mellora rede viaria local	48.000,00 €
SAN XOÁN DE RÍO	Cimentado de núcleos rurais	48.000,00 €
SAN XOÁN DE RÍO	Mellora de beirarrúas en San Xoan de RíO	48.000,00 €
SAN XOÁN DE RÍO	Proxecto de emerxencia de acondicionamento de taludes por derrumbre	25.000,00 €
SAN XOÁN DE RÍO	Reforma de local municipal para cazadores	20.000,00 €
SAN XOÁN DE RÍO	Saneamento no núcleo de Outeiro	48.000,00 €
SARREAUS	Camións municipais en Sarreaus, Freixo e outros	48.000,00 €
SARREAUS	Mellora de abastecemento e saneamento en Codosedo e Sarreaus	48.000,00 €
TEIXEIRA (A)	Arranxo de depósito de auga na Teixeira	45.000,00 €
TOÉN	Plan Hurbe: Humanización e mellora da accesibilidade no núcleo rural de Moreiras	96.960,00 €
TOÉN	Humanización e proxecto Moreiras	48.000,00 €
TOÉN	Restauración de farolas nos núcleos de Moreiras e Toén	17.000,00 €
VEIGA (A)	Cofinanciamento para a urbanización de 4 prazas	60.000,00 €
VEIGA (A)	Construción do centro residencial municipal (apartamentos tutelados)	60.000,00 €
VEIGA (A)	Obras de emerxencia de renovación integral no sistema de depuración de augas no núcleo de Castromao	100.000,00 €
VEIGA (A)	Saneamento en Castromao e varios núcleos	60.000,00 €
VEREA	Proxecto cuberta fogar residencial	48.000,00 €
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Canalización no río Pedeanes	46.995,00 €
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Obra de emerxencia en estrada O Mazo a Robledo	27.255,25 €
VILAR DE BARRIO	Arranxos por causa das choivas do temporal	6.000,00 €
VILAR DE BARRIO	Convenio CH Miño-Sil para saneamento e depuración en Arnuide	72.000,00 €
VILARDEVÓS	Arranxo en diversos núcleos municipais	48.000,00 €
VILARDEVÓS	Depósito na Veiga das Meás	20.000,00 €
XINZO DE LIMIA	Adquisición inmoble Fundación Carlos Casares	60.000,00 €
XUNQUEIRA DE AMBÍA	Parque infantil	35.000,00 €
TOTAL		7.386.575,19 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/78901 "Outras transferencias. Cooperación Provincial":

ENTIDADE	OBXECTO	IMPORTE
----------	---------	---------

ANTELA C.F.	Marcador electrónico e máquina cortacésped	18.000,00 €
ASESOU (ASOC. ESCALADORES DE OURENSE)	Ampliación Rocódromo infantil. Construcción Kilterboard	50.000,00 €
ASOCIACIÓN AMIGOS CAMINO MOZÁRABE VÍA DE LA PRATA	Estatua Ramón Conde	60.000,00 €
Asociación Cultural Musical Os Caliqueños	Material e instrumentos	7.147,61 €
ASOCIACIÓN DANO CEREBRAL ADQUIRIDO-RENACER	Acondicionamento novo local	37.556,44 €
Asociación de Veciños Castromao	Equipamento local social	2.500,00 €
ASOCIACION DE VECIÑOS DE SANTO ANDRÉ DE CAMPOREDONDO	Construción de pozo e instalación de bomba de auga	15.318,60 €
Asociación de Veciños Santa Maria de Ansemil	Adquisición de terreo para local social e proxecto	10.000,00 €
ATAVE	Adaptación de local social para cuestións formativas	60.000,00 €
Banda Música Cartelle	Compra de material	8.000,00 €
CENTRO OCUPACIONAL AS BURGAS	Climatización pavillón polideportivo e acondicionamento entrada vehículos	47.610,00 €
Diócese de Ourense	Cuberta Igrexa das Caldas	60.000,00 €
Diócesis de Astorga	Pintura Igrexa de Sobradelo	30.127,77 €
Diócese de Ourense	Cemiterio Almoite (Baños de Molgas)	17.747,20 €
EXPOURENSE	Mellora de instalacións	100.000,00 €
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE OURENSE	Muro contención punto limpo	48.000,00 €
UVIGO	Compra de terreos para ampliación Campus	1.200.000,00 €
Xuntanza Bergueira	Mellora Forno Amoeiro	10.000,00 €
Total		1.782.007,62 €

- Existe crédito na aplicación orzamentaria 45012/61902 "Reparación vías municipais. Cooperación provincial" do orzamento xeral da entidade para o exercicio 2023, en relación cos proxectos que deseguido se detallan:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Cortegada	Mellora do afirmado dos camiños de acceso a Encoutada e acceso a Vilanova da Barca dende Valongo	48.000,00 €
Concello de Padrenda	Mellora de pista de Esmoriz e Santa María	48.000,00 €
Concello de Cartelle	Melloras de viarios O Vieiro, Espiñoso, Outomuro e Nogueiró	47.972,48 €

- Existe crédito na aplicación orzamentaria 31331/62702 "Plan Ourense Provincia Termal. Termalismo" do orzamento xeral da entidade para o exercicio 2023, en relación co proxecto que deseguido se detalla:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Cortegada	Adecuación de accesos ao balneario histórico	75.600,00 €

- c. **Modificación de obxectos e ou/beneficiarios de distintas subvencións** concedidas por parte desta entidade.

Por último, **proponse a modificación de obxectos e ou/beneficiarios de subvencións concedidas por esta entidade, que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2023**, segundo o detalle seguinte:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/76201 "A Concellos. Subvencións Cooperación provincial" do orzamento do exercicio 2023, prevíase unha subvención nominativa a favor do Concello de Vilamarín co obxecto "Arranxo da Casa de Cultura" por importe de 45.000,00 €. Con base na solicitude formulada polo alcalde en data 23.01.2023 proponse o cambio da finalidade da subvención para o seguinte obxecto:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Vilamarín	"Reforma das instalacións de alumeado exterior en diferentes lugares do municipio"	45.000,00 €
Aplicación orzamentaria 450.12/762.01		

- Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/76201 "A Concellos. Subvencións Cooperación provincial" do orzamento do exercicio 2023, prevíase unha subvención nominativa a favor do Concello de San Amaro co obxecto "Arranxo Centro de Saúde" por importe de 28.000,00 €. Con base na solicitude formulada polo alcalde en data 31.01.2023 proponse o cambio da finalidade da subvención para o seguinte obxecto:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de San Amaro	"Arranxos de instalacións municipais"	28.000,00 €
Aplicación orzamentaria 450.12/762.01		

- Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/76201 "A Concellos. Subvencións Cooperación Provincial" do orzamento do exercicio 2023, prevíase unha subvención nominativa a favor do Concello de Bande co obxecto "Calefacción Escola de Baño" por importe de 12.000,00 €. Con base na solicitude formulada pola alcaldesa en data 24.01.2023 propónse o cambio da finalidade da subvención para o seguinte obxecto:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Bande	"Cofinanciamentos Xunta de Galicia"	12.000,00 €
Aplicación orzamentaria 450.12/762.01		

- Con cargo á aplicación orzamentaria 33420/48927 "Outras transferencias. Federación de Libreiros de Galicia. Actividades culturais e recreativas", prevése no orzamento do exercicio 2023 unha subvención nominativa a favor da Federación de Libreiros de Galicia por importe de 5.000,00 €, subvención respecto da que se propón o cambio de beneficiario, pasando a ser este a Agrupación de Libreiros de Ourense, segundo o detalle seguinte:

Beneficiario	Descrición	Importe
Agrupación de Libreiros de Ourense	Outras transferencias. Agrupación de Libreiros de Ourense. Actividades culturais e recreativas	5.000,00 €
Aplicación orzamentaria 33420/48927		

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2023

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta quenda sinala que por unha banda no plan de cooperación cos concellos practicamente a metade dos concellos se adheriron á base que permite decidir a que destinar eses fondos, o que sen dúbida nos indica por onde vai a vontade maioritaria destes, e por outra banda, respecto ao plan da rede viaria provincial, sinala que hai obras que obedecen a criterios técnicos, outras que son a petición dos diferentes concellos e outras propostas polo goberno provincial. Sinala que tendo en conta a escasa contía do investimento na rede viaria provincial o seu grupo sería partidario de que a inclusión das obras o fose por criterios estritamente técnicos. Sinala que nos derradeiros anos a liña argumental dos grupos políticos desta Deputación é moi clara con respecto a este plan provincial.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): comeza a súa intervención dicindo que respecto ao plan provincial das obras municipais é significativo o número de concellos adheridos á base novena, é dicir decidiron xestionar eles mesmos o importe a recibir, polo que parece quedar moi claro que é que queren os concellos da nosa provincia. Respecto ao plan da rede viaria provincial sinala que este non consegue chegar a todos os concellos da provincia, e que as intervencións previstas son arbitrarias e sen ningún criterio que as xustifique. Engade que no ano 2021 das oito obras que ían no plan principal, seis estaban emprazadas en concellos gobernados polo PP, no ano 2022 o pleno foi absoluto, pois dos doce proxectos incluídos, todos eles estaban localizados en concellos gobernados polo PP. No ano 2023 dos catorce investimentos previstos, once emprázanse en concellos gobernados polo PP, e as outras tres obras foron propostas precisamente pola Área de Infraestruturas, e que coinciden curiosamente con concellos non gobernados polo PP. O resumo deste mandato é que o 85 % das obras executadas na rede viaria provincial coinciden en concellos con alcalde ou alcaldesa popular, dato moi curioso. Nestes anos actuouse nuns escasos 50 quilómetros da rede viaria provincial a través deste instrumento de planificación, o que considera un moi escaso investimento, se temos en conta os máis de 1.800 quilómetros de extensión da rede viaria provincial. Por último sinala que na proposta de resolución debера aclararse que o servizo de vías e obras tan só propuxo unha pequena parte destas intervencións, e que o 60% obedecen a peticións de alcaldes ou alcaldesas do PP. Remata indicando que con esta estratexia do grupo do PP teremos treitos de estradas, que non rede provincial de estradas, e só en concellos do PP.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza indicando que certamente corenta concellos se adheriron á base novena do plan provincial destinado ás obras e servizos municipais, e que isto debe enmarcarse da autonomía municipal, e que as bases non mudaron respecto ao ano pasado, pero si se incrementou o número de concellos adheridos á base novena. Respecto á petición de criterios de concorrencia competitiva para o plan destinado á rede viaria provincial, sinala que é lóxico que os concellos realicen as súas demandas e que se prioricen actuacións con criterios técnicos. Por último sinala que polas estradas pasamos todos, e que non hai distinción de condutores por localismos ou por cores políticas.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): brevemente aclara que as prioridades evidentemente as marca o grupo de goberno pero o que a referencia á concorrencia se refería a que a propia proposta que se somete a este pleno indica que a maioría das obras obedecen a propostas de concellos sobre a rede viaria que é da Deputación, non dos concellos, e que curiosamente parece que só se atende aos concellos gobernados polo PP.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da Rede viaria provincial para o exercicio 2023 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	2.470.000,00 €	364.434,28 €	2.834.434,28 €
2.- Adhesión á base 9ª	2.040.000,00 €		2.040.000,00 €
2.- Rede Viaria	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €

Deputación			
TOTAL	6.010.000,00 €	364.434,28 €	6.374.434,28 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	1.488.000,00 €	656.894,10 €	2.144.894,10 €
Rede Viaria Deputación	5.411.806,07 €		5.411.806,07 €

2º.- Somete-lo Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O REPARTO XUSTO, EQUITATIVO E DEMOCRÁTICO DOS FONDOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE ENTRE TODOS OS MUNICIPIOS DA PROVINCIA.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): comeza indicando que procede corrixir aos voceiros que interviñeron no debate, pero que o reparto non é discrecional, inxusto e antidemocrático non só neste mandato, senón desde hai bastantes anos atrás, polo menos desde que el é deputado provincial. Respecto á moción, coa cal se fixo un intento de chegar a acordos cos restantes grupos políticos provinciais, coa solicitude dunha xunta de portavoces extraordinaria, sen éxito. A continuación sinala que as deputacións son institucións que teñen entre os seus obxectivos, traballar activamente polo benestar da provincia, garantindo os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais en todo o seu

territorio, así como a prestación integral e adecuada, tamén en todo o seu territorio, de servizos nas entidades locais. Por tanto, é fundamental que o seu orzamento sexa distribuído de forma xusta e equitativa entre todos os municipios e habitantes. Mais isto non está a suceder en Ourense. A distribución destes fondos públicos debería basearse en criterios obxectivos, equitativos, operativos e democráticos, en función das necesidades reais de cada localidade. Nunca debe ser utilizada como un instrumento político para recompensar a aqueles que se máis se arriman ás políticas e aos intereses do partido no poder provincial. A recorrente concesión de subvencións nominativas –asignación de cartos a dedo– pode fomentar irregularidades administrativas e actuacións discriminatorias, xa que os concellos poden sentirse obrigados a tomar decisións partidistas para lograr estes fondos, en lugar de adoptar decisións en función do que é mellor para os seus cidadáns e o seu territorio. E isto, sen dúbida, pode provocar unha mala xestión dos fondos públicos e un uso ineficiente dos recursos dispoñibles. Un reparto en base a intereses políticos pode acentuar e perpetuar a desigualdade e o subdesenvolvemento dalgunhas localidades, mentres que outras poden recibir unha cantidade excesiva de recursos. Isto vai en contra dos principios de equidade, solidariedade e xustiza e pode ter un impacto negativo no benestar de todos os veciños e veciñas, así como no desenvolvemento provincial global. Isto é xustamente o que está a suceder nesta Deputación de Ourense, onde a meirande parte dos fondos públicos dispoñibles son usados partidistamente, en beneficio político e persoal do presidente da institución, do seu partido e dos seus achegados ou achegadas. A discrecionalidade na toma de decisións que articulan as grandes modificacións orzamentarias que esta deputación aproba, é clamorosa: nin son xustas nin son imparciais. Tampouco son transparentes, xa que son decididas dixitalmente sen convocatoria pública. Non se basean nunha avaliación xusta e equitativa das necesidades –algo que afecta directamente á calidade de vida das persoas– e, no seu lugar, céntranse en satisfacer algúns intereses políticos e persoais de cara aos procesos electorais externos ou internos. Ademais, provocan unha desequilibrada redistribución dos recursos, marxinando a uns municipios e veciños e veciñas fronte a outros. Polo tanto, asistimos a consolidación dunha veciñanza de primeira categoría, fronte a outra de segunda ou terceira categoría. Este sistema caciquil articulado unilateralmente polo PP e pola presidencia provincial ao longo das últimas décadas, provocou que os nosos veciños e veciñas teñan pouca confianza no noso sistema político local e na capacidade desta deputación para actuar en beneficio de toda a comunidade. O descontento e a destrución da confianza e da imaxe da

institución é evidente, dentro e fóra dos nosos límites provinciais. Desde o PSdeG-PSOE de Ourense pedimos recorrentemente a aprobación dun plan único que, do mesmo xeito que no resto de institucións análogas, distribúa democraticamente os fondos públicos entre todos os concellos. E unha vez máis, ante a ameaza da inminente aprobación dun novo abuso orzamentario, vémonos na obriga de reclamar un reparto xusto, equitativo e operativo dos cartos que van ser redistribuídos directamente mediante modificacións orzamentarias, así como a aprobación dun plan único que permita financiar proxectos, actuacións, actividades, plans ou programas remitidos por todos os municipios. Ese plan permitiría identificar as necesidades de cada municipio en base a uns criterios democráticos e asignar o orzamento de maneira adecuada. Desta forma, asegurárase que todos e todas teñan acceso a recursos para satisfacer as súas necesidades locais, mellorando a calidade de vida e os servizos prestados. Tamén permitiría establecer unha estratexia integral e coherente para o desenvolvemento da provincia, cos obxectivos de aproveitar ao máximo os nosos recursos económicos e de maximizar os resultados. Este cambio de modelo –pasar do caciquismo total á democracia plena– tamén é relevante, porque permitiría establecer mecanismos reais de seguimento e avaliación dos proxectos financiados, o que posibilitaría practicar unha verificación efectiva de que estes fondos provinciais están a utilizarse adecuadamente, acadando os resultados esperados. Así mesmo, grazas a esta visión integral das necesidades de cada municipio detallada por cada un deles, a deputación podería establecer unha estratexia provincial sólida e efectiva para o presente e o futuro. Tamén permitiría promover a colaboración institucional, xa que, cun orzamento distribuído de maneira xusta, os municipios poderían traballar en proxectos comúns e compartir recursos. Ademais, sería unha mostra de compromiso real do goberno provincial coa transparencia e coa rendición de contas. O marco xurídico ten situadas ás deputacións como entidades supramunicipais ás que, ademais de recoñecerlles un ámbito de intereses propios, atribúelles garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal. Os e as socialistas ourensáns defendemos que os obxectivos nucleares deste tipo de transferencias directas ás entidades locais, deben ser sanear e impulsar as economías municipais; favorecer a creación e mantemento do emprego e das economías a escala local e reforzar a autonomía municipal, respectando, en todo caso, os principios recollidos na lexislación. No caso concreto de Ourense, os fondos da deputación deberían ser ese revulsivo que precisan as economías e as sociedades dos 91 concellos de menos de 20.000 habitantes e da entidade local menor de Berán e non só para unha parte deles, decididos baixo unha regra

universal: o dedo dunha persoa. A Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión, en base a principios que permitan a equidade das súas políticas. Sen embargo, na provincia de Ourense isto non sucede porque o principio único é a discrecionalidade. Estes feitos contrastan enormemente co esforzo que están a facer nas demais deputacións neste ámbito, agrupando todas as subvencións nun plan que, ademais de simplificar a burocracia e axilizar as achegas, permite repartir ou diñeiro público de xeito obxectivo en función de criterios ponderados. En conclusión: a recorrente aprobación de subvencións nominativas masivas na Deputación de Ourense, baseada unicamente en motivos políticos, co único fin de repartir decenas de millóns *caciquilmente*, provoca desigualdades e socava a confianza da poboación no noso sistema político e na nosa institución, incumprindo así o código ético e quebrantando os principios básicos que rexen o uso democrático dos fondos públicos. Por tanto, é fundamental garantir unha distribución dos fondos públicos en base a criterios como a superficie, a poboación, a dispersión, o número de entidades de poboación ou o índice de envellecemento, para asegurar unha xestión eficiente e responsable. Debemos levar a cabo unha racionalización e simplificación dos variados instrumentos e sistemas de reparto actuais e, por iso, queremos que o goberno provincial e todos os grupos desta corporación conformen un grupo de traballo que posibilite unha distribución orzamentaria xusta, equitativa, transparente e plenamente democrática para os municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes. É imprescindible pois, ofrecer unha resposta eficiente ás situacións e necesidades concretas presentadas por cada concello da provincia, reforzando a súa autonomía local. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Deputación Provincial de Ourense á constitución dun grupo de traballo, formado por unha representación proporcional de todos os grupos políticos presentes na corporación, co fin de aprobar un instrumento de cooperación cos 91 municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes, que permita executar un reparto xusto, operativo, equitativo e democrático dos fondos públicos da institución, no que a elección da actividade subvencionable corresponda ás entidades locais. 2. Instar á Deputación Provincial de Ourense á aprobación dun instrumento de cooperación –plan único– que garanta que os 91 municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes teñan un acceso xusto, operativo, equitativo e democrático aos recursos necesarios para obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade

inmaterial, así como para actividades e servizos que sexan de competencia municipal, co fin de mellorar as súas prestacións e para impulsar o seu desenvolvemento económico e social. 3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a financiar ou, a lo menos, cofinanciar os proxectos presentados polos municipios que foron rexeitados polo goberno provincial nos últimos anos, en base ao seu deber legal recollido na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, que establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, en base a principios que permitan a equidade das súas políticas e os seus investimentos. Engade que en ningún lugar de España ocorre o que ocorre nesta Deputación, xa que todas as deputacións teñen repartos con criterios máis ou menos obxectivos e equitativos dentro dun plan único. Engade que noutras deputacións de Galicia, independentemente da súa cor política, se teñen establecido criterios de reparto e se teñen adaptado aos tempos, engadindo que noutras deputacións as respectivas intervencións provinciais teñen marcados uns criterios que non permiten este tipo de repartos discrecionais.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): comeza sinalando moi brevemente, xa que estamos diante dun debate xa recorrente neste pleno, que o grupo socialista debe predicar co exemplo, xa que noutras institucións goberna dun determinado xeito e logo aquí ven cun discurso completamente diferente. Por último preguntalle ao portavoz socialista se lle parece un reparto xusto, equitativo e democrático o que fixo a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil nos últimos catro anos, ou o que fixo o goberno central nos últimos orzamentos xerais do Estado con respecto ás diferentes CCAA.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta primeira quenda di que efectivamente estamos diante dun asunto recorrente neste pleno e neste mandato e certamente os que estamos aquí sabemos que o sistema non está ben, e aínda así se segue aplicando porque o permite a lei e quizás aí está o principal problema. O máis efectivo sería levar este asunto ao Congreso dos deputados para establecer, vía lei, unha porcentaxe máxima de subvencións nominativas respecto do total. Nas outras deputacións de Galicia non se fai así, e quizás teña algo que ver que nelas está o BNG cogobernando. Ademais isto sucede tamén noutras administracións do Estado e o sistema de reparto é inxusto xa de base, porque o concello capital do Estado que é Madrid recibe máis ingresos por habitante que, por exemplo, Ourense, este á súa vez recibe máis que, por exemplo, Allariz e este máis que, por exemplo, Nogueira de Ramuín. O criterio é incomprendible e cree que a maioría da poboación non o

coñece realmente, e é un criterio claramente lesivo para os nosos intereses. Sen deixar de apoiar esta moción, coa que está completamente de acordo, indica que esta situación non vai mudar salvo que exista un cambio de goberno ou veña imposto desde a lexislación aplicable. Nesta liña denuncia que o incremento do financiamento do Estado respecto das CCAA neste ano subiu un 15%, mentres que para os concellos foi unicamente do 2,5 %. Engade tamén a esta denuncia os criterios subxectivos que ultimamente empregan tanto a Xunta de Galicia como o Estado, polo que habería que propoñer no Congreso dos deputados unha muda do sistema de reparto en todas as institucións do Estado español.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza indicando que o obxectivo do grupo socialista a tres meses das eleccións é unha estratexia de barullo mediático, todo isto para monopolizar o debate con este tema tan manido do plan único. Engade que tivo que referirse a esta proposta ata en dezaoito ocasións xa neste mandato, e en todos os casos xa dixo que para impoñer un modelo de goberno primeiro hai que ganar as eleccións ou ben legislar desde o Congreso dos deputados, onde o Partido Socialista si ten maioría. Sobre a moción sinala que é unha falsidade que o orzamento provincial non se reparta con criterios xustos, xa que o reparto chega a todos e cada un dos concellos. Engade que lle fai gracia escoitar dos deputados socialistas expresións como “interese e beneficio político”, logo de ver ao presidente Pedro Sánchez pactar calquera asunto baixo intereses exclusivamente políticos e calquera socio, incluso os que están en contra da existencia do Estado. Sinala que o goberno provincial tenta atender a todas as solicitudes presentadas polos diferentes concellos e entidades, polo que non existe discriminación ningunha. Sobre a petición de criterios democráticos e xustos, pide que trasladen tamén esta petición á CH do Miño-Sil, onde os investimentos parece que obedecen unicamente a criterios políticos, xa que se trata sempre de concellos gobernados polo Partido Socialista. Pídelle por último ao PS de G-PSOE que se consegue a confianza da veciñanza nas vindeiras eleccións, apliquen o seu modelo de xestión.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda apunta que o alcalde de Muíños, voceiro do PP, é normal que estea farto de escoitar falar do plan único, pero realmente o que debe estar farto é de recibir fondos discrecionais desta deputación. Engade que eles seguirán insistindo coa teima do plan único, e que os veciños e veciñas dos concellos que non reciben nin un euro, como por exemplo Verín, para nada están fartos desta reivindicación, indicando que estamos diante dunha situación insólita e que ninguén pode entender, xa que hai incluso algún alcalde socialista que leva varios mandatos e aínda non

recibiu nin a primeira subvención nominativa desta Deputación. O grupo socialista non ten teimas, senón gañas de mudar este sistema de reparto cara un modelo xusto e equitativo a través dun plan único para concellos. A continuación compara o modo de proceder do grupo socialista e popular con ocasión das riadas de final de ano, cando nun dos concellos dos máis afectados como A Arnoia, se solicitou polos compañeiros socialistas a intervención e axuda de todas as AAPP, e logrouse o compromiso da CH do Miño-Sil. Engade que só hai que botarlles unha ollada ás listas do PP nesta provincia para ver que moito se move en función de intereses persoais, xa que nestas listas hai moitos traballadores e traballadoras desta Deputación. Sobre a inclusión dalgún concello que non é do PP na relación de concellos beneficiarios de subvencións nominativas, sinala que unicamente se fai para facer un lavado de cara, engadindo que o grupo socialista seguirá con esta reivindicación xa que a considera necesaria e de xustiza para todos os concellos e a veciñanza da provincia.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza que as posturas semellan moi claras nestes catro anos de mandato, e pídelle ao voceiro popular que non culpe á oposición por traelo ao debate, xa que se trata de datos obxectivos e todos sabemos o que pasa nesta Deputación, e que o seu labor é o de tratar de mellorar o seu funcionamento. Engade que debemos facer propósito de emenda no vindeiro mandato e mudar este sistema de reparto. Remata sinalando o apoio do BNG a esta moción, xa que é evidente que o sistema de reparto nesta administración provincial non é xusto e ogallá se resolva máis pronto que tarde.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza sinalando que no expediente de modificación de créditos por exemplo o concello de Ribadavia non sae mal parado, de feito sae máis beneficiado que moitos gobernados polo PP. Indica que nun dos reiterados debates sobre o plan único xa se dixo que non se pode gobernar pola porta de atrás e o grupo provincial do PP emprega o seu modelo de goberno lexitimado polos resultados electorais, lembrando que o artigo 141 da nosa Constitución reconece a autonomía dos gobernos provinciais, e a virtude das administracións provinciais é a da proximidade aos concellos e ao territorio, engadindo que non é o mesmo a provincia de Ourense que as outras de Galicia, e que os servizos e proxectos que realiza, promove e financia esta Deputación non se pode comparar cos que fan as outras deputacións de Galicia, por exemplo. Aquí optamos por un modelo diferente ao plan único, o cal en opinión do Consello de Contas, non consegue corrixir os desequilibrios territoriais nin logra que redunde en beneficio dos concellos de menor capacidade económica. O noso modelo é diferente, e que o grupo socialista e do BNG

o único que queren facer é deputacións iguais, cando, como se dixo, a idiosincrasia de Ourense nada ten que ver coa das outras provincias. Por último achega o dato de que en ningún momento do mandato se recibiron peticións de subvencións de parte de dezaseis concellos da provincia. Remata dicindo que no vindeiro mandato, en función dos resultados electorais, mudarase o modelo actual, ou non.

- quenda de peche Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): sinala que o presidente desta Deputación ven de reclamar un reparto xusto e transparente dos Fondos Next Generation UE, engadindo que tamén ven de reclamar seguridade xurídica, transparencia e publicidade como garantía dun proceso de reparto de fondos limpo. Curiosamente isto é o que reclama a moción socialista que estamos a debater. O sistema de reparto desta Deputación ten que mudar a través dun cambio de goberno, que cada vez está máis próximo, polo que pide a todos os grupos políticos desta corporación que teñamos todos luces largas e non curtas no próximo mandato, xa que o grupo popular xa demostrou todo o que tiña que demostrar e todos sabemos o que pasa e como se goberna nesta Deputación, e entre todos debemos mudar democraticamente o goberno provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), a abstención de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A MELLORA DOS SERVIZOS E EQUIPOS DE DEPENDENCIA DA PROVINCIA DE OURENSE .

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que esta moción diríxese tanto á propia Deputación como ao resto das institucións, e para contextualizala sinala que a provincia de Ourense é un dos lugares máis avellentados de Europa, e a nosa poboación nova non se asenta no noso territorio, e temos un dos índices máis elevados de persoas con discapacidade e a taxa de dependencia maior de todo o Estado. A pandemia da Covid-19 fixo translúcidos problemas de base no modelo de coidados en Galicia.

En concreto, a Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece seis meses como máximo para emitir a resolución de grao e a de PIA (Programa Individual de Atención). No caso de Galicia, estamos a vivir listas de agarda que dobran os prazos permitidos pola lexislación. Galicia é das comunidades autónomas que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España. Son datos moi preocupantes nun contexto de normalidade e máis aínda trala crise socioeconómica motivada pola pandemia e, na actualidade, pola invasión de Rusia en Ucraína. O XXII Observatorio da Dependencia elaborado pola Asociación Estatal de Directoras y Gerentes en Servicios Sociales pon de manifesto que Galicia é unha das comunidades autónomas que peor posición ocupa de toda España na escala de valoración de dito Observatorio Estatal para a Dependencia. Hai dous anos, a Consellería de Política Social anunciaba un proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia na provincia de Ourense e, tempo despois, anunciaba medidas para toda Galicia. Non obstante, os datos continúan a ser preocupantes. Segundo un informe elaborado pola Valedora do Pobo, a provincia de Ourense é a provincia galega cunha agarda media máis longa, tanto para tramitar a valoración como para recibir a correspondente resolución. En Ourense, para ser valorado hai que agardar unha media de 212 días, datos moi superiores ao resto de provincias galegas. En Lugo son 158 días, na Coruña 142 e en Pontevedra 127 días. O mesmo acontece para recibir resolución, cunha agarda na nosa provincia que suma 288 días; é dicir, máis de cen días de demora sobre o prazo máximo establecido na lei. En Lugo son 226, na A Coruña 195 e 170 en Pontevedra. Desde a propia Consellería de Política Social, en resposta a Valedora do Pobo, recoñeciase a existencia de “problemas estruturais que necesitan ser abordados para a mellora do procedemento e poder dar resposta ás solicitudes de valoración e atención rexistradas evitando demoras excesivas”, anunciando que tomarían medidas “con urxencia”. O Grupo Parlamentario Socialista no Pazo do Hórreo propuxo, en numerosas ocasións, como parte da solución, un incremento significativo de persoal nos equipos de valoración de dependencia EVD. E unha vez máis, os medios de comunicación recolleron que, segundo fontes da Xunta, a solución formulada son as valoracións telemáticas, tal e como fixeron en discapacidade, cousa que desde a consellería negaron en sede parlamentaria. Desde o PSdeG-PSOE rexeitamos esta proposta co fin de protexer os dereitos dos solicitantes, atendendo ao criterio dos valoradores. A consellería anunciou un plan de choque en dependencia enmarcado no estatal para axilizar e reducir os tempos de espera. En concreto, especificando: • Implantar

unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes. Deseñar un único procedemento do recoñecemento de dependencia así como o programa individual de atención. • Crear novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorar o modelo de xestión de citas, entre outras medidas. Desde o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal foi o investimento para lograr reducir as listas de agarda, o número de técnicos dos equipos de valoración que se incrementaron e o tipo de contrato. Hai que ter en conta que Galicia é beneficiaria de importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de agarda por parte do Plan de Choque de la Dependencia do Goberno de España. Ademais, é fundamental que a Xunta de Galicia aclare por que existen 9.298 solicitudes que non figuran en ningún tipo de estatística, por non estar gravadas no sistema, segundo o citado informe do Observatorio de Dependencia Estatal. Por outra banda, é fundamental elaborar un estudo que permita coñecer os motivos ou variables que motivan que Galicia sexa a comunidade autónoma na que menos solicitudes se inician por habitante potencialmente dependentes. En concreto, tan só o 16,13 %, é dicir 78.315 solicitudes de 485.558 galegos e galegas potencialmente dependentes. A media nacional de solicitudes é de 29,98 %, moi superior á galega, que queda en último lugar en comparativa co resto de comunidades autónomas. Polo que é preciso coñecer as causas para elaborar propostas adaptadas que dean solución a un problema que afecta directamente ao benestar dunha parte da cidadanía que renuncia aos seus dereitos. Unha das solucións pasa por reforzar os recursos humanos dos equipos de servizos sociais. Igualmente defendemos a implicación da Deputación de Ourense nas solucións globais que permitan arranxar este problema, que afecta directamente ao benestar e aos dereitos dunha parte moi importante da veciñanza da nosa provincia.. Esta institución, en base ao recollido na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten como competencia propia a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión, en base a principios que permitan a equidade das súas políticas, debe cooperar cos servizos sociais dos municipios ourensáns. Por iso queremos que a Deputación Provincial financie, ou polo menos cofinancie, a constitución de equipos multidisciplinares de intervención psicosocial nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia, para atender as demandas e necesidades psicolóxicas e sociais da poboación de máis idade. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. A Deputación

Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, a incrementar os equipos de valoración de dependencia de xeito significativo, así como os equipos dos servizos sociais comunitarios, para reforzar o sistema, permitindo incrementar o número de solicitudes ás axudas para a dependencia, considerando que Galicia é a comunidade autónoma que menor número de solicitudes rexistra do país. 2. Instar á Deputación Provincial de Ourense a que financie, ou polo menos cofinancie, a constitución de equipos multidisciplinares de intervención psicosocial nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia, para atender as demandas e necesidades psicolóxicas e sociais da poboación de máis idade. Engade que a realidade é desoladora na nosa provincia e na nosa C.A., xa que somos a administración autonómica que menos inviste por habitante no servizo de dependencia. A día de hoxe a Consellería de Política Social non está a implementar ningunha solución a esta problemática, e no Parlamento de Galicia, ante preguntas do grupo socialista sobre este servizo, non hai resposta clara por parte do goberno popular. Os concellos precisan dunha axuda provincial, arredor de 20.000,00 €, para poder dar unha resposta real á problemática das persoas en situación de dependencia, polo que se insta a esta Deputación para que con cargo ao seu remanente, axude aos concellos desta provincia a financiar os referidos servizos.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): anuncia que o voto vai ser favorable a esta proposta do grupo socialista, xa que entende que é moi importante a protección aos nosos maiores e a mellora da dependencia, tema no que esta Deputación leva moitos anos traballando e colaborando cos concellos da provincia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): indica que na comisión informativa xa houbo un interesante debate, e que en Galicia, coa nosa situación, é a Xunta principalmente a que se ten que poñer as pilas para acelerar as valoracións da veciñanza que a reclama, xa que hoxe levan máis dun ano de agarda para realizarse. Sobre o segundo punto da moción, dubida que realmente sexa competencia da administración local poñer en marcha este tipo de equipos, xa que entende que as competencias son autonómicas. Remata indicando que vai apoiar esta moción, que se trata dun eido prioritario e que afecta moito aos nosos concellos, se ben con certos reparos xa que entende que debe ser a administración autonómica a que poña os fondos e recursos necesarios para financiar os servizos que a moción demanda.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): fai uso da palabra para sinalar que o seu grupo tamén vai votar a favor da moción, aínda que en relación ao punto dous entende que a

competencia fundamental é da Xunta de Galicia, pero sabendo que o concello vai ter que asumir a prestación dos servizos, a Xunta fai unha especie de “chantaxe”, xa que sabe que os concellos non van deixar de prestalos e asumilos, aínda que non sexan competencias propias nin dos concellos nin da deputación.

- 1ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): comeza sinalando que o grupo popular vai votar a favor desta moción, e que se non é competencia dos concellos si é da súa incumbencia, e máis nunha provincia como a nosa. A continuación indica que vai facer algunha observación e corrección ao texto da moción. Así sinala que non é o mesmo falar de persoas potencialmente dependentes que de persoas que realmente piden tal declaración. De feito, os datos que se apuntan na moción non son certos nalgúns aspectos, e os datos do Goberno central sinalan que Galicia é a cuarta C.A. no ratio de prestación deste servizo, e que actualmente 68.000 galegos e galegas están a recibir a atención que precisan. Respecto ás listas de agarda, a de Galicia sitúase no 4 % e é oito puntos inferior á media do Estado, por iso afirma que non entende de onde saen algúns dos datos que figuran na moción. Na moción bótase en falla autocrítica, xa que se puxo en marcha desde o Estado unha lei, e todos sabemos que o Estado non achega o 50 % comprometido, xa que actualmente a atención á dependencia só ten un financiamento estatal do 27 %. Sobre os tempos de agarda sinala que estes non son realmente os que deberían, se ben a situación da nosa CA é das mellores do Estado, ocupando o terceiro lugar. A Xunta traballa actualmente na axilización e mellora do sistema de valoracións cun plan de choque á dependencia, e no que se elimina papel e se simplifican administrativamente os trámites. Respecto ao punto segundo da moción no que se insta a Deputación a que financie, ou polo menos cofinancie, a constitución de equipos multidisciplinares de intervención psicosocial nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia, para atender as demandas e necesidades psicolóxicas e sociais da poboación de máis idade, sinala que xa se ven facendo desde o ano 2012, e se puxo en marcha o programa BenOurense servizos complementarios, adaptado ao RD 99/2012, e á clasificación de concellos e mancomunidades que alí se realiza. A deputación cofinancia e seguirá a cofinanciar en atención aos parámetros deste real decreto, a diferentes mancomunidades e concellos da provincia, e lembra que se conta cun servizo de teleasistencia provincial que chega a todo o territorio. Outra mostra do compromiso deste goberno provincial é a modificación de crédito tratada neste pleno, na que se dotaron e suplementaron varias partidas en materia de servizos sociais.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda comeza agradecendo o voto favorable de todos os grupos a esta moción do grupo socialista. A continuación, compartindo que moitos dos servizos da dependencia non son competencia nin da deputación nin dos concellos, o certo é que aquel ten que facelo, e os concellos así o fan por responsabilidade. Matiza que a Deputación de Ourense traballa en programas de servizos sociais, pero non está financiando nin levando a cabo ningún programa de atención á dependencia, e si non é así pregunta que lle digan que programa. Algúns concellos, como o de Amoeiro, si o fixemos nalgún caso concreto e conseguíuse contrastar que se reducía a necesidade de medicación ata un 60 %. Estas iniciativas leváronse ata a Xunta de Galicia e propúxose a súa implantación como programa piloto noutros concellos, pero aínda estamos agradando a resposta a día de hoxe, polo que os concellos continuamos en solitario a día de hoxe. Estamos reivindicando que como sabemos que os concellos temos que levar a cabo estes programas, se poidan implantar polo ben da veciñanza, co financiamento da Deputación provincial. Neste senso matiza que cando se levan a aprobación votación ómnibus como a da modificación de crédito anterior, non significa que estean a favor ou en contra de cada unha das medidas alí previstas, pondo como exemplo o programa de loita contra a soidade non desexada que alí figuraba, e do que non coñecen nin as súas principais liñas, polo que sinala que estaría ben coñecer en que vai consistir ese programa antes de votalo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervención e, por unanimidade dos presentes e o voto favorable a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, a incrementar os equipos de valoración de dependencia de xeito significativo, así como os equipos dos servizos sociais comunitarios, para reforzar o sistema, permitindo incrementar o número de solicitudes ás axudas para a dependencia, considerando que Galicia é a comunidade autónoma que menor número de solicitudes rexistra do país.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que financie, ou polo menos cofinancie, a constitución de equipos multidisciplinares de intervención psicosocial nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia, para atender as demandas e necesidades psicolóxicas e sociais da poboación de máis idade.

10º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DO XUSTO RECOÑECIMENTO INSTITUCIONAL DAS MULLERES QUE VALORIZAN OURENSE.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): procede a dar lectura á moción do seu grupo, na que sinala que desde o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego vense demandando reiteradamente que para os recoñecementos de fillos predilectos da provincia de Ourense e as medallas de ouro desta Deputación se teña en conta o talento das mulleres da Provincia de Ourense, pois esta provincia conta con destacadas mulleres con tantos ou máis méritos que os homes distinguidos polo ente provincial até o momento e merecedoras de ser recoñecidas e galardoadas pola institución, xa for como fillas predilectas da provincia ou mesmo coa medalla de ouro. Porén e a pesar das múltiples ocasións nas que o BNG ten demandado en comisións e plenos da Deputación provincial que se teñan en conta figuras femininas que valorizan a nosa provincia, independentemente do seu sexo, para que teñan un recoñecemento á altura dos seus méritos, esta proposta foi reiterativamente desoída. É o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o que manifesta no artigo 70, epígrafe 28, que son os Plenos das deputacións os competentes para conceder medallas, emblemas, condecoración e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación E son precisamente as distincións de fillo predilecto, fillos adoptivos e medallas de ouro os títulos máis recoñecibles e significativos que concede esta Deputación. E hai que dicir fillos e non fillas porque nos últimos anos non lle foi concedida ningunha destas distincións a ningunha muller, o mesmo acontece coas medallas de Ouro. Quedando as distincións ás mulleres outorgadas por esta Deputación relegadas, principalmente, a categoría onde só se valoran os seus méritos e relevancia en relación a outras mulleres. Así temos unha lista moi distinguida de ilustres galardoados e distinguidos persoeiros, con medallas de Ouro, fillos predilectos, e fillos adoptivos, mesmo institucións e grupos musicais figuran entre os galardoados, como Manuel de Dios, Marcos Valcárcel, os Suaves, Carlos Casares, Eligio Rivas, Estraviz, Acisclo Manzano, Jose Paz, Manuel Villanueva, Manuel Buciños, Jose Luís Cuerda, José Quiroga, e Antonio Carreño González, ... porén nin unha soa muller figura entre fillos predilectos,

medallas de ouro, ou entre os fillos adoptivos, polo menos segundo os datos conseguidos polo BNG en preguntas feitas diante desta propia institución. As contribucións de distintas mulleres en diversos campos que cos seus logros contribuíron e contribúen de xeito individual e/ou colectivo a identificar Ourense como berce de destacadas facedoras é unha realidade innegable, como si ten en algunha ocasión recoñecido esta institución, mais ata onde somos coñecedores ben co Premio Olimpia Valencia (unicamente dedicado a mulleres) ou ben co Premio Ourensanía. A visibilidade social que adquire o nomeamento dun fillo predilecto, unha medalla de ouro, ou fillo adoptivo transcende do mero recoñecemento dun persoeiro ilustre para Ourense, senón que tamén xera referentes sociais para a veciñanza, e non só de Ourense, e crea e xera un relato histórico no que mirarnos e vérmonos reflexados e especialmente reflexadas. Por iso entendemos chegada a hora de que este Pleno rescate do silencio da historia a todas esas referentes relegadas destes recoñecementos e que contribuíron desde Ourense e/ou por Ourense a vivir nun mundo sequera un chisco mellor. Unha destas referentes no campo da ciencia é para o BNG a doutora Antonia Ferrín Moreiras nada no Carballiño en 1914 e falecida en Santiago de Compostela no 2009, a que foi primeira muller en ler unha tese doutoral sobre astronomía no Estado español, no 1963, tamén a primeira tese que foi defendida sobre a materia na facultade de matemáticas da USC, onde se licenciara e fixera ó tempo a carreira de Maxisterio. Licenciada en Químicas e Farmacia, chegou a ser depurada como mestra no 37, polo réxime franquista. Como primeira astrónoma titulada no Estado e discípula avantaxada de D. Ramón María Aller, os seus principais traballos foron sobre ocultacións estelares, medidas de estrelas dobres e determinación de pasos por dúas verticais. Foi polo tanto profesora na USC, catedrática numeraria de matemáticas na Escola de Maxisterio Santa María de Madrid, ademais de estudante, investigadora, mestra e sobre todo muller nun entorno social onde as mulleres o tiñan aínda moito mais complicado ca hoxe. Mesmo a día de hoxe a Universidade de Vigo concede un premio á igualdade de xénero co seu nome. Porén o seu nome é un de tantos ignorados pola cidadanía en xeral e obviado até o momento pola Deputación de Ourense, que entendemos debe ser posto en valor, pola vía do seu recoñecemento como filla predilecta a título póstumo dados os seus múltiples méritos e merecementos. No campo da medicina, un referente de Ourense tamén é a doutora Marisa Crespo Leiro, nada en Cea en 1961. Referente mundial no ámbito da insuficiencia cardíaca e os transplantes de corazón. Licenciada en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutorada pola Autónoma de Madrid, xefa do servizo de insuficiencia cardíaca

do Hospital Universitario da Coruña, coordina o grupo de investigación de IC avanzada y TC del instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC), así mesmo é xefa de grupo no CHUAC do Centro de Investigación Biomédica en Red Cardiovascular (CIBERCV) do Instituto da Saúde Carlos III. Leva publicados máis de 250 artigos e foi mestra en distintas Facultades de Medicina. Recoñecida en diferentes ámbitos internacionais e asociacións de cardioloxía, foi coordinadora do Rexistro Europeo de Insuficiencia Cardíaca ata o ano 2016, a doutora Crespo Presidiu a sección de Insuficiencia Cardíaca e Transplante Cardíaco da Sociedade Española de Cardioloxía entre o 2003 e o 2006, foi recoñecida pola Xunta de Galiza coa medalla Castelao e nomeada filla predilecta do seu concello de nacemento. Entendemos pois que estes méritos e outros que atesoura, xunto coa súa calidade humana e o seu cariño pola terra que a viu nacer, faina merecente do título de filla predilecta da Provincia de Ourense. Existen sen lugar a dúbidas outras moitas mulleres e colectivos femininos merecentes das distincións que humildemente propoñemos para as anteditas, mais tamén é certo que non foron estas escollidas o chou, senón que na procura de referentes sociais nos ámbitos científicos nos que o papel da muller é cada vez mais representativos, pero que como ben indicaba fai pouco nunha entrevista Ana Fernández destacada oncológa alaricana (non podía ser menos), participante no programa “Conócelas” que procura a busca de vocacións científicas femininas, a realidade sigue a ser que “O maior peso investigador recae nas mulleres, pero non se reflexa nos cargos”. Por estes motivos desde o Grupo Provincial do BNG de Ourense sometese a consideración do pleno os seguintes acordos 1. O Pleno da Deputación de Ourense acorda incoar expediente de honra á doutora Antonia Ferrín Moreiras e nomeala Filla Predilecta da Provincia de Ourense a título póstumo neste anos 2023. 2. O Pleno da Deputación de Ourense acorda incoar expediente de honra á doutora María Crespo Leiro e outorgarlle o título de Filla Predilecta da Provincia de Ourense neste ano 2023.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): manifesta estar plenamente a favor de recoñecer estes méritos e agarda que veñan moitos máis recoñecementos a mulleres nos vindeiros anos, lembrando o importante papel das mulleres na sociedade e que se poida conquistar por fin a igualdade plena.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): sinala que votará a favor desta moción, xa que a considera de moita importancia, lembrando que as mulleres foron constantemente ninguneadas na nosa sociedade, particularmente nos eidos das ciencias ou das artes. É unha

honra que a nosa Deputación teña representantes nestes eidos como as propostas na moción, e que ambas son totalmente merecentes destes recoñecementos.

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): sinala que igualmente que o resto dos grupos, o socialista está a favor desta moción do grupo do BNG. Matiza, con respecto á referencia ao premio “Olimpia Valencia”, que foi instaurado a instancia dunha moción do grupo provincial socialista de febreiro de 2021, para recoñecer ás mulleres da provincia que destacasen na defensa da igualdade e dos seus dereitos, e que esta moción foi emendada polo grupo popular, e finalmente non se aprobou nos termos solicitados polo grupo socialista. Respecto da moción, sinala que estes recoñecementos poden ser unha ferramenta moi útil para visibilizar o labor e logros, especialmente nos casos en que estas achegas non foron suficientemente recoñecidas. Tamén contribúen a inspirar a outras mulleres a cumprir as súas metas. É importante destacar que esta non debe ser a única ferramenta para visibilizar ás mulleres, para que garanta que as mulleres, sobre todo as nenas, teñan as mesmas oportunidades. Por último estiman conveniente facer unha achega, que non unha adición á moción, de dúas mulleres de gran talento e con méritos máis que suficientes para ser merecentes deste tipo de recoñecementos. Unha delas é María Teresa Miras Portugal, nada no Carballiño en 1948, que cursou estudos de farmacia na Universidade de Santiago e finalizou na Complutense de Madrid con premio extraordinario. Foi catedrática de Bioquímica e Bioloxía molecular en varias universidades, estando especializada no estudo dos receptores dos nucleótidos e a súa repercusión nas enfermidades neurodexenerativas. Foi a primeira muller en acceder ao posto de presidenta da Real Academia Nacional de Farmacia. A outra muller que propomos hoxe aquí é a inventora, docente, feminista e escritora Rafaela Rodríguez Placer, que non acadou nos libros de Historia a consideración que realmente merece. Naceu en 1868 en San Eusebio da Peroxa, en Coles, e foi a primeira muller matriculada no Instituto provincial de Ourense con 12 anos de idade. O seu expediente, intachable, foi merecente de premios en retórica, escritura e Historia universal. Chegou a estudar a carreira de farmacia, pero cos seus títulos de bacharelato, institutriz e mestre, destacou na ensinanza superior no Colexio Nacional de cegos. Defendeu sempre a ensinanza das mulleres, apartadas en moitos ámbitos, así como a defensa das persoas con minusvalías físicas, e cambiou para sempre a historia de moitas persoas.

- 1ª intervención Patricia Torres (grupo do PP): fai uso da palabra para amosar o apoio do grupo popular e esta moción xa que é sobradamente coñecida a valía das mulleres propostas.

Engade que esta Deputación ven recoñecendo o valor doutras mulleres en premios como o da Ourensanía, Olimpia Velencia, ou mulleres pioneiras con motivo da celebración do día da muller.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): agradece o apoio de todos os grupos a esta moción, e sinala que a listaxe de mulleres merecentes destes recoñecementos na nosa provincia é amplísimo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervención e, por unanimidade dos presentes e o voto favorable a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación de Ourense acorda incoar expediente de honra á doutora Antonia Ferrín Moreiras e nomeala Filla Predilecta da provincia de Ourense a título póstumo neste ano 2023.

2º.- O Pleno da Deputación de Ourense acorda incoar expediente de honra á doutora María Crespo Leiro e outorgarlle o título de Filla Predilecta da provincia de Ourense neste ano 2023.

11º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

12º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

O Sr. presidente dá conta, en primeiro lugar, da aprobación da liquidación do orzamento de 2022.

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de xaneiro de 2023.

Os membros da Corporación quedan informados.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Diego Fernández (Grupo Socialista): na estrada provincial OU-0307 Leiro-Caldelas (Berán) hai desde o pasado mes de novembro un derrubamento que a súa de hoxe aínda segue sen arranxar. Tan só se valou e sinalizou a zona, aínda que a perigosidade tanto para as vivendas

existentes nese punto, coo varias gretas na estrada nesa mesma zona preocupan a veciñanza e usuarios da vía. ¿Cales son as actuacións de mellora previstas a realizar? ¿Cal é a data de inicio destas? ¿Cales son os motivos polos cales esta actuación aínda non se realizou?

Sr. presidente: dá lectura ao informe asinado por dona Marca Docampo, xefa da Área de Infraestruturas da Deputación, co seguinte contido: en primeiro lugar e sobre cales son as actuacións de mellora previstas a realizar. Na noite do 22 de novembro de 2022, na *OU-0307 Leiro (OU-504) - Caldelas (OU-212)*, punto quilométrico 3+100, tivo lugar o colapso dun muro de sostemento da estrada. Para os efectos de reconstruír a estrutura foi elaborado un proxecto dende a sección de conservación e explotación (expediente 2023/33W) no que se describen as actuacións previstas, a saber: *A) Movemento de terras e demolicións*. 225,00 m² levantado de firme granular C/Retro; 329,00 m³ escavación a ceo aberto en todo tipo de terreos; 145,00 m³ terraplén ou pedraplén formado por material de escavación; 75,00 m³ recheo de trasdos con material de escavación. *B) Muros*. 137,70 m³ muro de cachote de canteira de 4,0 m; 18,00 m³ formigón HA-25/P/20 en recheo de cimentacións de cachote; *C) Drenaxes*. 25,00 m Dren con tubo de PVC de 160 mm. *D) Firmes*. 45,00 m³ firme de macadam 60-40 estendido e compactado; 225,00 m² tripla rega asfáltica con C65B2. *E) Varios*. 1,00 p.a aboamento íntegro para sinalización das obras; 1,00 ud estrutura metálica de escaleiras. En segundo lugar e sobre cal é a data do inicio desta di que na data actual están rematadas as actuacións preparatorias para o inicio do expediente de contratación da obra. A acta de planeamento previo foi asinada o 13/02/2023. A data mínima de inicio está condicionada polos prazos que determina a vixente Lei de contratos das administracións públicas en función do procedemento de licitación elixido. Unha vez contratada a obra, no prazo dun mes dende a sinatura do contrato deberá asinarse a acta de planeamento previo, e ao día seguinte comezará a execución, todo isto se con carácter previo foi aprobado o plan de seguridade e saúde e aberto o centro de traballo. En terceiro lugar e sobre cales foron os motivos polos cales esta actuación aínda non se realizou di que o único motivo polo que a actuación aínda non se realizou é a necesidade de cumprir os trámites administrativos que esixe a lexislación vixente en materia de contratación.

Susana Rodríguez (Grupo Socialista). En relación co “proxecto contra a soidade non desexada e o envellecemento activo” (SeniOURtv), dotado, segundo o recollido na modificación de crédito 2/2023, na aplicación orzamentaria 23112/20700 con 1.000.000 €, do cal xa solicitamos por escrito copia do proxecto e toda a información existente, e tamén se

preguntou sobre este asunto na Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do pasado xoves 16 de febreiro, onde, entre outras afirmacións, a presidenta desta si confirmou en reiteradas ocasións que “non se trataba dunha APP móbil”, a pesar de que algún xornal local titulaba o pasado 14 de febreiro este anuncio como “*una APP móbil para paliar la soledad non desexada*”, e na propia web da Deputación se defina este proxecto como “un servizo de teleasistencia avanzada a través de dispositivos móbiles”. Ás preguntas sobre os detalles deste proxecto a presidenta indicaba que “non podo anticipar nada, pero vai ser novidoso e unha auténtica revolución”. Apelando ao compromiso coa transparencia desta Deputación, preguntamos: ¿Cales son as medidas detalladas que se contempla implantar neste proxecto? ¿Cal é o orzamento detallado de cada unha delas? ¿Cal é a data prevista da posta en marcha deste proxecto?

Sr. presidente. Dá lectura ao informe do director da Área de Benestar da Deputación, José Juan Cerdeira Lois, co seguinte contido: a iniciativa denominada SeniorTv fai referencia á formulación da Deputación de Ourense de abordar unha transformación da actual “Teleasistencia provincial básica” a un modelo de “Teleasistencia provincial avanzada” cuxa normativa estatal de aplicación contempla que un servizo terá tal consideración se permite que as persoas beneficiarias reciban apoios tecnolóxicos complementarios ao servizo básico así como a interconexión cos profesionais de referencia, especialmente os do Sistema Social, desenvolvendo procesos e protocolos de actuación personalizados. Esta transformación está pensada e ten como colectivo prioritario ás persoas maiores que sofren “soledade non desexada”. Como saben, a normativa de aplicación específica tamén que para considerar que se está prestando un servizo de Teleasistencia avanzada será necesario que se realice un contacto directo e cotiá coa persoa usuaria e que como mínimo se dispoña dun número mínimo dos servizos que se detallan na norma, entre outros, a tele-consulta social, tele-estimulación cognitiva e tele-rehabilitación física e funcional, ademais, a norma contempla que se poidan desenvolver programas de atención psicosocial, de promoción do envellecemento activo e saudable ou de prevención e detección de deterioración cognitiva, entre outros, elementos que serán contemplados no proxecto que se pretende desenvolver. Por iso, o salto necesario para cambiar da teleasistencia básica á teleasistencia avanzada pasa por implementar un conxunto de novas funcionalidades e soportes ás que os actuais e futuros beneficiarios do servizo poderán acceder a través da súa propia televisión e/ou outros dispositivos tecnolóxicos, aspirando ademais a que os cidadáns poidan, desde a súa propia

casa, dispoñer de interconexión directa cos seus servizos sociais municipais, tal e como recolle a normativa. O orzamento para ampliar a teleasistencia básica á teleasistencia avanzada é de 1 millón de euros. A data prevista para poñer en marcha o proxecto é o segundo semestre do ano 2023.

Bernardo Varela (BNG): advirte que esta pregunta xa foi feita en Pleno polo Grupo Socialista e el mesmo desprazouse ao lugar e puido comprobar a través de fotografías que si se tiñan producido accidentes, aínda que estes, como ben pon no informe, non consten na rede que ten a Garda Civil ao respecto. Continua dicindo que a situación da OU-0510 no tramo do cruzamento do Pazo, no Concello do Pereiro de Aguiar, ten xerado alarma veciñal, que percibe como un perigo o actual estado da estrada. O tránsito continuo e a velocidade excesiva dos vehículos xeran inseguridade tanto para a veciñanza como para os vehículos que alí se achegan. A veciñanza xa ven de reclamarlle ao concello, tras unha recollida de sinaturas, a procura dunha solución a esta inxuedanza nesta estrada da Deputación, especialmente tras producirse algúns accidentes. A veciñanza ven reclamando a instalación de bandas na estrada que fagan que os vehículos pasen a unha velocidade moderada, e que sexa máis seguro o paso da xente como de vehículos no dito cruzamento. Considerando a necesidade de elementos de seguridade para a veciñanza, que xa se teñen producido accidentes e a necesidade de evitar que se produzan novos incidentes, pregunta ¿atenderase a preocupación da veciñanza do Concello do Pereiro de Aguiar e arranxará a Deputación de Ourense esta situación na OU-0510, coa instalación de elementos de seguridade viaria para viandantes e vehículos para así minimizar o risco de accidentes e que dean seguridade á veciñanza da zona?

Sr. presidente: dá lectura ao informe da directora da Área de Infraestruturas da Deputación, co seguinte contido: A OU-0510 Cortiñas (OU-0507) - Loña (OU-0509) é unha estrada provincial de 9,38 quilómetros de lonxitude que discorre polos concellos do Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín. Entre os puntos quilométricos 4+100 e 4+200 a estrada atravesa a poboación do Pazo, sendo a intensidade media de circulación nese treito de 404 vehículos ao día (datos da estación de cobertura 1143, pq 5+000, ano 2021). Atendendo á información proporcionada pola aplicación Arena II da Dirección Xeral de Tráfico, entre o 1/02/2018 e o 1/02/2023 so existe un accidente rexistrado na poboación do Pazo, no pq 4+000, o día 28/09/2022. Segundo consta no atestado Id. 202232058000056 a causa deste foi *“el evidente exceso de velocidad (...) en un tramo de vía que discurre por una población donde existe una limitación de velocidad específica de 50 km/h”*. A sinalización vertical existente nese treito da estrada provincial é a seguinte: . existen sendas sinais R.-301, limitando a velocidade a 50 km/h no punto quilométrico 3+930, marxes dereita e esquerda, na entrada da travesía en sentido ascendente. Tamén está sinalizada a restrición de velocidade con sinais R-301 a 50 km/h no punto quilométrico 4+280, marxes dereita e esquerda, en sentido descendente. . A

advertencia de perigo pola existencia dunha intersección con prioridade está sinalizada con sinal P-1 no punto quilométrico 4+020 en sentido ascendente e punto quilométrico 4+390 en sentido descendente. . A advertencia de perigo pola posible presenza de peóns na calzada con sinal P-20 no punto quilométrico 4+020 en sentido ascendente e punto quilométrico 4+390 sentido descendente. En resumo, na travesía do Pazo a velocidade máxima legal permitida é de 50 km/h e está correctamente advertido o perigo polo cruzamento con prioridade e pola posible existencia de peóns na calzada. Á vista da análise técnica da realidade existente, cabe concluír dúas cousas: a) O risco de accidente é moi baixo, se se atende aos datos de accidentes rexistrados pola Dirección Xeral de Tráfico, xa que so se ten rexistrado un accidente de circulación en 5 anos. b) A sinalización do treito é correcta e suficiente para garantir a seguridade viaria. O único accidente que se produce non ten nada que ver co equipamento viario existente, senón cunha infracción ao regulamento de circulación. Tal e como ven sendo manifestado en diversas ocasións, o control dos excesos de velocidade e a sanción de conductas referidas ao non respecto dos límites de velocidade regulamentariamente establecidos correspóndelle á Garda Civil de Tráfico. Non existe ningún equipamento viario cuxa finalidade sexa impedir conductas infractoras. En todo caso, en resposta á inquietude manifestada estudárase a implantación de bandas transversais de alerta co obxecto de transmitirles aos condutores a necesidade de extremar a precaución na súa aproximación á intersección.

Bernardo Varela (BNG): manifesta que esta semana, nun xornal provincial, puido ler que existen 15 parques eólicos na provincia de Ourense con 447,5 megavatios, actualmente están aprobados outros 533,7 megavatios, cun total de 119 rexeneradores. Existen solicitudes para outros 179 rexeneradores e un total de 1.091 megavatios a maiores, e co prezo do megavatio/hora no pull de 2022 isto xeraría uns ingresos de 700 millóns de euros. O investimento destes últimos 1.91 megavatios serían 1.300 millóns e en dous anos estaría amortizado. Estas cifras están non as elaborou o BNG senón que están nun xornal desta provincia. Faise a seguinte pregunta: ¿non será hora de poñer este recurso á altura, cando menos, do termalismo nesta provincia? Tendo en conta por unha banda o impacto ambiental destes e ao mesmo tempo tendo en conta o impacto económico e a rendibilidade que podería e debería ter para o territorio a implantación destes sistemas enerxéticos. Non cre que Arabia Saudí, o Reino Unido, Estados Unidos ou Noruega, non coñezan o valor real dos recursos enerxéticos e o rendemento que estes supoñen para a poboación. Estes recursos enerxéticos que temos no noso territorio (radiación soar, auga, vento) deberían ser explotados en beneficio da cidadanía desta provincia. Solicita que por parte da Deputación se faga un estudo

do aporte socio-económico que podería ter este recurso inesgotable e público para a cidadanía de Ourense.

O Sr. presidente toma nota do rogo.

Aurentino Alonso (Grupo Socialista): solicita do Sr. presidente que lles transmita aos xestores de Manzaneda que se preocupen un pouquiño máis pola páxina web, sobre todo no que respecta ás webcam, que de catro que hai tres están inútiles. Hai unha funcionando que é a da Radio Televisión de Galicia.

O Sr. presidente toma nota do rogo.

Diego Fernández (Grupo Socialista): despois de 15 anos de que a Deputación se comprometera a facer as melloras pertinentes na estrada de San Amaro-Maside, urxe que se fagan canto antes, pois é un problema de seguridade tanto para vehículos como para peóns. Agarda que se teña en conta e que respondan con feitos.

O Sr. presidente toma nota do rogo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/XH1hAcbvsF6oWMmEDWxSndN5NJnj3hebQwxiXhIq4peidasn.wmv>

SHA512

02f53df53ee9102133a5c773364ab804fe23e2651f77f0c1d008f703540f88cc265a58e
ffb4970471603119bd304dc7fdc30bc4ea23582ccc3d2ba6874503c06

E, ás 14.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.